

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE AGOSTO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18.03 horas do día 5 de agosto de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, escusando en primeiro termo a presenza da interventora municipal, que se atopa nas dependencias acabando uns traballos e pode asistir á sesión de ser requirida.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión especial constitutiva do 13.06.2015

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 359/2015 á 390/2015

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía núm. 863 e 871/2015

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta da designación dos membros das Comisións Informativas, Comité de Seguridade e Saúde e Mesa de Negociación

Os concelleiros danse por informados.

5. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o incumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 1º trimestre do 2015

Os concelleiros danse por informados.

6. Dación de conta do informe de intervención sobre a abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 1º trimestre de 2015

Os concelleiros danse por informados.

7. Dación de conta do informe dos reparos da intervencións municipal realizados no exercicio 2014

Os concelleiros danse por informados.

8. Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2014

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACION DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014

O presente expediente ten por obxeto a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Fene.

Cumprimentado o trámite legal de exposición ó público de dita Conta Xeral previsto no art. 212 do TRLRFL, aprobado por RDL2/2004, de 5 de marzo e non habéndose presentado ningunha reclamación, procede elevar ó Pleno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobación da Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2014 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

Fene, a 6 de xullo de 2015.
O Alcalde
Asdo. Juventino J. Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 16 votos a favor (7 do grupo do PP, 4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene), cunha abstención do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2014 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

9. Aprobación, se procede, do recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 3/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola unanimidade dos concelleiros na Comisión Informativa de Dinamización Económica realizada o 27 de xullo de 2015:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2015.

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 20 de xullo de 2015 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 3/2015 que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno nº 3/2015

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

- (TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.
- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
- Real Decreto 1619/2012 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2014, prorrogado.

ANTECEDENTES

Con data de 22 de abril, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas incluídas no expediente de recoñecemento extaxudicial de crédito nº 2/2015. O importe total de dito expediente ascendía a 103889.02 €. O expediente non foi aprobado polo Pleno da Corporación en data de 20 de abril.

Con data de 20 de xullo, remítese a esta Intervención para a súa fiscalización un novo expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito (nº 3/15) por un importe global de 41745.62 €. A relación de facturas incluídas neste expediente é a que se detalla na providencia de inicio do expediente. Indicar que todas estas facturas xa foran incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2015 que non foi aprobado polo Pleno da Corporación.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Terceiro.- Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que *“no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”*

Ademais debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

"...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"

Cuarto.- Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxuício económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 31ª de BE/14, prorrogado referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que "1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial".

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existía crédito disponible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter previo á tramitación do presente expediente modificativo de crédito co fin de habilitar crédito para este fin, polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o plenode conformidade co previsto nas BEO/14. Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen

que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.

- Data ou período de realización.

- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria: Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC, no seu caso.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO., o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 3/2015 é de reparo sen efectos suspensivos en relación coas facturas que se indican no apartado de observacións que se fiscalizan de desconformidade, fiscalizándose de conformidade as restantes. Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados.

OBSERVACIONES

1/Factura de Rico Cabañas, SL por importes de 5808 € en concepto de obras de reparación de camino Lagarteira.

2/Facturas de Lancer Proyectos y Obras, SA por importes de 21440.11 e 4024.44 € en concepto de obras de reparación no estrada da Fraga e camino de Mundín.

No caso destas facturas omitiuse o procedemento establecido nas Bases de execución do orzamento de 2012 e 2014 relativas á contratación menor. ASÍ, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para

recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode concluirse que:

- O concello procedeu á contratación verbal destes servizos, contratación que se atopa prohibida polo TRLCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Por outra banda, e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de *estabilidade orzamentaria e control do gasto*. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, a 20 de xullo de 2015.

A Interventora

Marta Roca Naveira"

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaría-se a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de "*recoñecemento extraxudicial de crédito*" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2014, prorrogado non existía crédito para imputar estes gastos polo que simultaneamente a este expediente se tramita o expediente de suplemento de crédito, o que implica que nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Pleno en virtude do contido das BEO.

Considerando que o presente expediente se tramita conxuntamente ó de suplemento de crédito nº 8/2015 a través do cal se incrementa o crédito das aplicacións orzamentarias ós que se imputan estes gastos, é polo que a aprobación do mesmo estará condicionada á entrada en vigor do expediente modificativo.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3/2015 por un importe total de 41745,62 € segundo a relación de gastos que se indican no apartado segundo. En todo caso, a aprobación do presente expediente quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de suplemento de crédito nº 8/2015 a través do cal se habilita o crédito para esta finalidade.

2º A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº doc.	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
20140297	14/08/2014	4961	B15536055	RICO CABAÑAS S.L.	DESMONTE EN MAGALOFES.	453	61900
20140319	09/09/2014	5808	B15536055	RICO CABAÑAS S.L.	OBRA NO RAMAL CARRETERA LAGARTEIRA Nº 14 E16.	453	61900
2835665	31/12/2014	454,27	A28517308	EULEN, S.A.	REPARACION DE FONTANERIA NA PIA MUNICIPAL.	342	21200
A-031-13-005	31/12/2013	2904	A70124201	LANCER PROYCTOS Y OBRAS, SA	LEVANTADO SUMIDEIROS	453	21000
A031-13-006	31/12/2013	4024,44	A70124201	LANCER PROYCTOS Y OBRAS, SA	RIEGO CAMIÑO MUNDIN	453	61900
A031-13-007	31/12/2013	21440,11	A70124201	LANCER PROYCTOS Y OBRAS, SA	REPARACIONES CAMIÑO FRAGA	1532	61900
2836972	31/12/2014	2153,8	A28517308	EULEN, S.A.	AUXILIAR DE BIBLIOTECA MES DE DECEMBRO 2014.	3321	22799

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

4º.- Notificar o presente acordo ós interesados.

En Fene, a 20 de xullo de 2015.

O ALCALDE

Juventino J. Trigo Rey"

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PP, Juan José Franco Casal, que di que o seu grupo votará a favor, igual que o fixo hai dous meses. O que non entende é por que vén agora, por que hai este cambio súbito de postura do grupo municipal do BNG e o Partido Socialista para que agora se aproben estas facturas, que non cambiaron nada, cando anteriormente se opuxeron de forma reiterada ao pagamento. Isto xa o preguntou na comisión e non se lle contestou nada ao respecto, por iso, quere saber que novos informes se pediron e que tipo de xestións se fixeron para que veña agora este mesmo expediente. Di que o seu grupo na Comisión xa dixo que isto é absolutamente incoherente porque non variou nada, co cal, para que non haxa sospeita de que isto é unha cuestión meramente política, na que antes non se votou a favor para non favorecer ao anterior goberno, pide aclaracións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que hai cousas que se poden repetir unha e outra vez e se se queren entender se entenden. Dille ao exconcelleiro de Facenda que non hai máis explicacións que as da Comisión e son moi breves. As facturas do expediente son as de Rico Cabanas e, no seu momento, pediu unha explicación sobre estas facturas para saber onde vertían, porque saben que onde o facían era ilegal facelo, e querían que o goberno dixera o sitio, para que recoñecera que se estaba facendo algo

ilegal. Hoxe saben con certeza que non se podían facer ese tipo de vertidos onde se fixeron, o que non quita que a empresa fixo o que se lle encargou, polo que procede pagarlle.

O caso de Lancer foi pola teimosía do anterior goberno, porque había un erro nos conceptos que lle facilitaron nunha primeira reunión e logo, dille ao concelleiro Juan José Franco Casal, nas seguintes reunións colleu todo o lote de facturas e as puxo á parte, é dicir, non quixo falar e mantívose absolutamente intolerante en todas as reunións que se tiveron.

Prosegue dicindo que, no caso de Eulen, o Sr. Franco sabe perfectamente que as facturas que hai pendentes son de reparacións que non se sabía se se incluían no contrato ou non e daquela pediron por escrito que o goberno informara disto. Unha vez que tiveron o informe dos técnicos, o pagamento se pode aprobar e, se isto llo deran daquela, o expediente poderíase ter aprobado.

Quedan pendentes facturas doutras empresas porque non houbo ningún control nese período no que conste a que hora se entraba e que traballos se facían e ata que se esclareza isto, seguirán pendentes. Todo isto foi explicado na comisión, polo que lle di ao concelleiro Juan José Franco Casal que non hai cambios súbitos de guión nin ningunha cousa rara, senón simplemente que el non deu as explicacións pertinentes no seu momento.

A continuación fai uso da palabra o alcalde para dicirlle ao concelleiro Juan José Franco Casal que isto xa se explicou na Comisión de Facenda e pensa que quedou aclarado. Ao dito de que é un tema político, dille que posiblemente si, ao igual que o é negarse a explicar as cousas.

Agora o que está facendo o seu goberno é comprobar as cousas sen pedirle as súas explicacións e onde había erros ou dúbidas, acláranse e se paga. Este é un lote de facturas e queda outro lote que se pagarán cando se aclaren.

Dille ao concelleiro que xa llo fixeron constar hai meses cando lle dixeron que non estaban en contra de pagar as facturas e o que querían saber era que se estaba a pagar. Daquela non se explicou correctamente e, agora, o seu goberno vai paso a paso comprobando e pagando o que ven correcto.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que lle parece moi ben que o equipo de goberno traballe moi ben e que eles traballasen moi mal, pero pensa que estando na oposición, hai que facer oposición constructiva. Ante o dito de que se facían vertidos ilegais, acábanse de enterar neste Pleno e se o equipo de goberno, dende a oposición, o sabía, deberon dicirli ao Pleno no seu momento.

Engade que o seu grupo non foi consciente de que se fixera ningún vertido ilegal e, por outro lado, dille ao goberno, respecto das facturas de Lancer, que se negaron a pagalas porque dicían que os traballos non estaban rematados, pedindo informes técnicos, ao que se negaron porque se lles dixo que para ir á estrada da Armada para ver se se levantaron as tapas das pluviais non lle ían sacar ningunha hora aos técnicos municipais; por este motivo, pedíuselles que o fosen comprobar e non foron. Tamén lles dixeron que foran mirar a pista de Mundín se estaba asfaltada e tampouco foron. O que pasou con Lancer agora é que ao non cobrar en prazo, presentou o correspondente recurso para que se lle paguen os xuros de mora e esa é a explicación.

Respecto das facturas de Eulen tamén se lles dixo que correspondían a obras non incluídas na adjudicación das instalacións deportivas. Todo isto se lles explicou, pero que o quixeran entender é algo diferente, e xa saben por que non o quixeron entender, porque os expedientes que veñen hoxe ao Pleno son igualiños. Agora dinlles que teñen informes técnicos pero no expediente non figura ningún informe técnico nin do encargado, por iso, conclúe, o expediente que hoxe vén é o mesmo que se trouxo hai dous meses.

Non obstante, anuncia que votarán a favor igual có resto de facturas, aínda que lle fagan unha auditoría interna, porque os traballos están feitos e eles teñen a conciencia moi tranquila.

De seguido intervén a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere aclarar o sentido do seu voto. Di que cando mantivo a xuntanza cos empresarios dixo que non tiña ningún problema con empresas coma Rico Cabanas. O seu problema era máis con Sytgal e con Aníbal Soto: Sytgal, polo informe do encargado, que dicía que sabía que se fixeron traballos pero non sabía nin onde, nin cando nin quen e así llo dixo persoalmente ao empresario. Tamén se comprometeu a darlle para adiante ás facturas e fixo unha proposta para que os encargados fixeran un parte diario que se entregase ao Concello, por exemplo, ao final da semana. Pensa que é o mellor xeito de xustificar o que se traballa e cantas horas se empregan. Por isto anuncia que vai votar a favor, polo compromiso adquirido cos empresarios naquela xuntanza.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que as empresas teñen que facer o seu traballo e, cando non cobran, é normal que presenten os recursos ou alegacións correspondentes. De todos os xeitos, infórmalles aos concelleiros que o recurso presentado foi de acordo con esta alcaldía, xa

sabían que ían cobrar e estaba previamente falado. Igual que con estas empresas, hai outras coas que están en pleitos e dende a alcaldía están tentando abrir novas pontes outra vez, para poder traballar dun xeito razonable e non con enfrontamentos diarios, como estaba ocorrendo ata fai pouco.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, para preguntarlle ao alcalde, con que empresas está o Concello en pleitos por mor da actuación do goberno do PP? Rógalle que no vindeiro Pleno o diga publicamente para todo o mundo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º. Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3/2015 por un importe total de 41745,62 € segundo a relación de gastos que se indican no apartado segundo. En todo caso, a aprobación do presente expediente quedará condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de suplemento de crédito nº 8/2015 a través do cal se habilita o crédito para esta finalidade.

2º. A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº doc.	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
20140297	14/08/2014	4961	B15536055	RICO CABAÑAS S.L.	DESMONTE EN MAGALOFES.	453	61900
20140319	09/09/2014	5808	B15536055	RICO CABAÑAS S.L.	OBRA NO RAMAL CARRETERA LAGARTEIRA Nº 14 E16.	453	61900
2835665	31/12/2014	454,27	A28517308	EULEN, S.A.	REPARACION DE FONTANERIA NA PIA MUNICIPAL.	342	21200
A-031-13-005	31/12/2013	2904	A70124201	LANCER PROYCTOS Y OBRAS, SA	LEVANTADO SUMIDEIROS	453	21000
A031-13-006	31/12/2013	4024,44	A70124201	LANCER PROYCTOS Y OBRAS, SA	RIEGO CAMIÑO MUNDIN	453	61900
A031-13-007	31/12/2013	21440,11	A70124201	LANCER PROYCTOS Y OBRAS, SA	REPARACIONES CAMIÑO FRAGA	1532	61900
2836972	31/12/2014	2153,8	A28517308	EULEN, S.A.	AUXILIAR DE BIBLIOTECA MES DE DECEMBRO 2014.	3321	22799

3º. Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

4º. Notificar o presente acordo ós interesados.

10. Aprobación, se procede, do suplemento de crédito núm. 8/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola unanimidade dos concelleiros na Comisión Informativa de Dinamización Económica realizada o 27 de xullo de 2015:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 8/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas. Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 8/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por un importe global de 41745,62 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

APLICAC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/61900	Estradas. Investimento reposición camiños	14793.44
342/21200	Instalacións deportivas. Mantemento edificios	454.27
453/21000	Estradas. Mantemento infraestrutura	2904.00
1532/61900	Pavmentación das vías públicas. Investimento reposición	21440.11
3321/22799	Bibliotecas públicas. Outros servizos	2153.80
TOTAL		41745,62

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 41745.62 €.

O importe total da modificación proposta ascende a 41745,62€.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 20 de xullo de 2015.

O ALCALDE

Asdo. Juventino J. Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 8/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por un importe global de 41745,62 € de

conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte:

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

APLICAC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/61900	Estradas. Investimento reposición camiños	14793.44
342/21200	Instalacións deportivas. Mantemento edificios	454.27
453/21000	Estradas. Mantemento infraestrutura	2904.00
1532/61900	Pavimentación das vías públicas. Investimento reposición	21440.11
3321/22799	Bibliotecas públicas. Outros servizos	2153.80
TOTAL		41745,62

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 41745.62 €.

O importe total da modificación proposta ascende a 41745,62€.

2º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

11. Aprobación, se procede, da proposta de declaración de nulidade de pleno dereito do acordo de compensación de créditos ditado por Resolución da Alcaldía núm. 264/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola unanimidade dos concelleiros na Comisión Informativa de Dinamización Económica realizada o 27 de xullo de 2015:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE NULIDADE DE PLENO DEREITO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 264/2015, DO ACORDO DE COMPENSACIÓN DE CRÉDITOS, EXPEDIENTE 2015/X999/000026

O 17.12.2014 por Gas Natural Servicios, SDG, SA presentou unha solicitude de compensación de débeda en concepto de reintegro do pagamento solicitado polo Concello por importe de 484,66 euros, con facturas pendentes de pago a nome da dita empresa.

O 17.12.2014 o Departamento de Contabilidade emitiu un informe sobre o crédito recoñecido polo Concello de Fene a favor de Gas Natural Servicios SDG, SA, por un importe de 575,84 euros segundo a factura núm. FE14321155095820, aprobada consonte a Resolución da Alcaldía núm. 1312/2014, do 05.12.2014.

O 30.12.2014 a tesoureira municipal emitiu o informe 03-2014 sobre a compensación de débeda solicitada por Gas Natural Servicios, SDG, SA.

O 15.01.2015 a Alcaldía propuxo a compensación de débedas a cal foi fiscalizada de conformidade pola Intervención municipal o 02.02.2015.

Consonte a Resolución da Alcaldía núm. 264/2015, do 02.03.2015, apróbase a compensación da débeda anteriormente indicada a nome de Gas Natural Servicios SDG, SA por importe de 484,66 euros co crédito recoñecido polo Concello de Fene por importe de 575,84 euros correspondente á factura núm. FE14321155095820, en concepto de enerxía eléctrica depuradoras Avda. do Mar, do 01.08.2014 ao 28.08.2014, aprobada segundo a Resolución da Alcaldía núm. 1312/2014, do 05.12.2014. Nesta Resolución de compensación consta ademais que queda un saldo a favor da dita empresa por un importe de 91,18 euros, ordénase o seu pagamento e declarando a extinción total da débeda que foi obxecto de compensación.

O 09.03.2015 notificóuselle a Gas Natural Servicios a Resolución da Alcaldía núm. 264/2015, do 02.03.2015.

Consta no expediente o xustificante bancario do cargo na conta a nome de Gas Natural Servicios SDG, S.A. do 22.12.2014, da factura por importe de 575,84 euros en concepto de enerxía eléctrica.

O 24.03.2015 a interventora municipal fixo unha dilixencia na que advirte a imposibilidade de contabilizar a compensación de débeda porque a factura na que se basea dita compensación foi pagada o 23.12.2014.

O 14.04.2015 a tesoureira municipal emitiu un informe que conclúe:

“CONCLUSIÓN: Procede incoar expediente de declaración de nulidade de pleno dereito da Resolución da Alcaldía 264/2015 ao haber incorrido esta nunha nulidade de pleno dereito prevista no artigo 217.1 c) LXT.

O alcalde e o Pleno decidirán o que estimen máis conveniente”

O 28.05.2015 o alcalde ditou a Resolución da Alcaldía núm. 633/2015, de inicio da declaración de nulidade de pleno dereito do acordo da compensación de créditos a favor de Gas Natural Servicios SDG, SA, segundo a Resolución da Alcaldía núm. 264/2015, do 02.03.2015.

Consta a notificación da Resolución da Alcaldía núm. 633/2015, do 28.05.2015, ao interesado e á instrutora do expediente.

Consta o informe do 19.06.2015 da funcionaria encargada do rexistro xeral de entrada que sinala que non se presentou ningunha alegación.

Consta a proposta de resolución do 22.06.2015 da instrutora do expediente que propón:

“Declarar, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, a nulidade do acordo adoptado por Resolución da Alcaldía núm 264/2015 de 2/3/2015, polo que se concede a compensación de débedas a nome de Gas Natural Servicios SDG, SA, ao incorrer no suposto de nulidade de pleno dereito previsto no artigo 2017.1.c) da Lei Xeral Tributaria (.../...)”.

Consta a remisión da proposta e o expediente ao Consello Consultivo de Galicia do 22.06.2015 para a emisión do ditame preceptivo previo á resolución do expediente de nulidade.

O 15.07.2015, RXE 7414/2015, do 20.07.2015, o Consello Consultivo de Galicia achega o ditame correspondente ao seu expediente CCG 232/15 e procede á devolución do expediente achegado.

O 20.07.2015 a secretaria municipal emitiu un informe que copiado di:

“CONCLUSIÓN: infórmase favorablemente a declaración de nulidade de pleno dereito de acordo de compensación de créditos ditado por Resolución da Alcaldía 264/2015, acordo que, a xuízo da informante debe ser adoptado polo Pleno por maioría simple.

O Pleno decidirá o que estime máis pertinente.”

É polo que segundo o ditame preceptivo e favorable do Consello Consultivo de Galicia á Proposta de resolución da instrutora do expediente do 22.06.2015 e o informe da secretaria municipal do 20.07.2015 que considera que o acordo o debe acordar o Pleno municipal, consonte ao artigo 102 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE NÚM. 285, do 27.11.1985), propóñolle ao Pleno, logo do ditame da comisión informativa correspondente adopción dos seguintes acordos:

1. Declarar a nulidade do acordo adoptado na Resolución da Alcaldía, núm. 264/2015, do 02.03.2015, que aprobou a compensación da débeda da empresa Gas Natural Servicios SDG, SA, por importe de 484,66 euros ao incorrer no suposto de nulidade de pleno dereito previsto no artigo 62.1.c) da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (actos de contido imposible).
2. Notificarlle o presente acordo á empresa Gas Natural Servicios SDG, SA advertíndolle que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, a contar a partir do día seguinte ao desta notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o acordo que se lles notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Fene, 21 de xullo de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Declarar a nulidade do acordo adoptado na Resolución da Alcaldía, núm. 264/2015, do 02.03.2015, que aprobou a compensación da débeda da empresa Gas Natural Servicios SDG, SA, por importe de 484,66 euros ao incorrer no suposto de nulidade de pleno dereito previsto no artigo 62.1.c) da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (actos de contido imposible).

2. Notificarlle o presente acordo á empresa Gas Natural Servicios SDG, SA advertíndolle que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, a contar a partir do día seguinte ao desta notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol,

no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o acordo que se lles notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

12. Aprobación, se procede, do expediente de resolución do recurso de reposición presentado por Viaqua fronte ao acordo plenario do 09.04.2015 e incoación do expediente de imposición de penalidades administrativas núm. 2/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade que tivo lugar o 29.07.2015 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo mixto municipal):

<<ASUNTO: resolución de recurso de reposición, declaración de caducidade e incoación de expediente de imposición de penalidades administrativas 2/2015.

O 19.05.2015 RXE 5195 Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU presentou un recurso de reposición fronte ao acordo plenario de 09.04.2015 polo que se resolve o expediente de imposición de penalidades administrativas incoado mediante Resolución da Alcaldía 1063/2014, alegando a caducidade deste.

A secretaria municipal emitiu un informe 70/2015 do 15 de xuño, que literalmente transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA 70/2015

ASUNTO: RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE AO ACORDO PLENARIO DE 09.04.2015 POLO QUE SE ESTIMAN PARCIALMENTE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR VIAQUA SAU O 24.10.2014 E SE LLE IMPOÑEN UNHAS PENALIDADES ADMINISTRATIVAS DE 7 860 €

ANTECEDENTES:

- Acordo plenario de 09.04.2015 polo que se resolve o expediente de imposición de penalidades administrativas
- Recurso de reposición presentado en prazo o 19.05.2015 RXE 5195
- O recorrente alega que o expediente administrativo está caducado, xa que transcorreron máis de tres meses dende a súa iniciación ata a súa resolución.

Á vista do que antecede, INFORMO:

PRIMEIRO.-O presente expediente foi iniciado mediante Resolución da Alcaldía 1063/2014 do 17 de outubro e resolto mediante acordo plenario de 09.04.2015.

O recorrente estima que o prazo máximo de resolución deste expediente debe ser o de tres meses, ao non ter outro establecido por normativa específica, por aplicación supletoria do establecido no artigo 42.3 a) da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC):

“3. Cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, éste será de tres meses. Este plazo y los previstos en el apartado anterior se contarán:

a) En los procedimientos iniciados de oficio, desde la fecha del acuerdo de iniciación. (...)”

A dita alegación debe ser estimada na súa totalidade, en consecuencia procede aplicar o disposto no artigo 44 do citado texto legal, en cuxo apartado segundo estipula que nestes supostos débese proceder a declarar a caducidade e o arquivo das actuacións:

“En los procedimientos iniciados de oficio, el vencimiento del plazo máximo establecido sin que se haya dictado y notificado resolución expresa no exime a la Administración del cumplimiento de la obligación legal de resolver, produciendo los siguientes efectos:

1. En el caso de procedimientos de los que pudiera derivarse el reconocimiento o, en su caso, la constitución de derechos u otras situaciones jurídicas individualizadas, los interesados que hubieren comparecido podrán entender desestimadas sus pretensiones por silencio administrativo.

2. En los procedimientos en que la Administración ejercite potestades sancionadoras o, en general, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables o de gravamen, se producirá la caducidad. En estos casos, la resolución que declare la caducidad ordenará el archivo de las actuaciones, con los efectos previstos en el artículo 92.

En los supuestos en los que el procedimiento se hubiera paralizado por causa imputable al interesado, se interrumpirá el cómputo del plazo para resolver y notificar la resolución.”

SEGUNDO.- A declaración de caducidade e arquivo das actuacións non extingue as facultades da administración tal e como se establece na doutrina fixada polo Tribunal Supremo en sentenza de 12 de xuño de 2003: “La declaración de caducidad y archivo de actuaciones establecidas para procedimientos en que la Administración ejercite potestades sancionadoras, artículo 44.2 de la [Ley 30/92 \(LA LEY 4620/1999\)](#), no extinguen la acción de la Administración para ejercitar las potestades aludidas en ese precepto, siéndoles plenamente aplicable el artículo 92.3 de la misma Ley”. Sin declaración sobre costas.»

O artigo 92.3 estipula: “La caducidad no producirá por sí sola la prescripción de las acciones del particular o de la Administración, pero los procedimientos caducados no interrumpirán el plazo de prescripción.”

Isto implica que declarada a caducidade e o arquivo das actuacións, non estando extinguida a acción da administración, procede, acto seguido, incoar novamente o expediente de imposición de penalidades unha vez caducado baseado no que o motivou:

-Incumplimento do requirimento feito por Resolución da Alcaldía 982/2013 ratificado mediante acordo plenario de 04.12.2014 polo período que vai dende o 09.09.2013 ao 29.05.2014 e no que se ordenaba ao contratista:

- * Reparar o vallado perimentral na zona Sur donde resulte accesible superiormente a E.D.A.R. de Maniños.
- * Baleirado das augas residuais e lodos acumulados na E.D.A.R. de Maniños.
- * Desmontaxe de calquera acometida eléctrica que puidera quedar, en servizo ou non.
- * Comprobación de que a E.D.A.R. de Maniños queda totalmente illada respecto de posibles aportacións exteriores de calquera tipo de afluentes.
- * Derivación da conducción de entrada hacia a rede de saneamento exterior ata a próxima conexión ó bombeo emprazado no Peirao de Barallobre.

-Quedou acreditado no expediente incoado por Resolución da Alcaldía 982/2013 que o requirimento efectuado a Viaqua forma parte das súas obrigas contractuais, tal e como se informaba pola suscribinte en informe 238/2013 de 30 de setembro, que se reproduce:

"PRIMERO.- La presente contratación se rige por lo dispuesto en el contrato firmado el 19.11.1993, del que forman parte los pliegos aprobados por la Corporación Municipal en sesión de 1.7.1993, así como la modificación firmada el 26.3.2002.

Supletoriamente resulta de aplicación el Decreto 923/1965, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley de Contratos del Estado, Decreto 3410/1975, de 25 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratación del Estado, el Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, LBRL, TRRL y supletoriamente la normativa privada.

SEGUNDO.- Los pliegos de cláusulas administrativas del contrato, al definir el objeto de la concesión en su artículo 1º, incluye expresamente el mantenimiento y conservación de las depuradoras actualmente en funcionamiento (entre la que se encuentra la de Maniños), estando obligado el concesionario a la limpieza y eliminación de lodos de acuerdo con la legislación vigente.

Se desconoce cuándo ha dejado de funcionar la estación depuradora de Maniños y, en este sentido, debe destacarse que el pliego establece en su art. 1.3 que "O concesionario deberá **informar** e asesorar tecnicamente á Corporación sobre todo o relativo ós servizos de auga e rede de saneamento" y en su artículo 2 que "ó remate do contrato as instalacións devolveranse ó Municipio en perfecto estado de conservación e funcionamento", algo que parece imposible a la vista del estado de la depuradora.

Los pliegos establecen las siguientes obligaciones del concesionario:

"8.- DEREITOS E DEBERES.- Os adquiribles recíprocamente pola Administración Municipal e o Concesionario, que deriven da aplicación das presentes condicións, das normas contidas na vixente Lei de Bases de Réxime Local, en relación co R.D.L. 781/86 polo que se aproba o seu texto refundido, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e demais normas concordantes que prevé a lexislación relativa ós contratos do Estado.

En especial corresponde ó adxudicatario garanti-la explotación do servizo de auga coas instalacións existentes, ou que se incorporen, de tal xeito que se reduzan os custos na maior contía posible e que non se interrompa a subministración de auga, a cal realizárase nas condicións esixidas de hixiene e salubridade, cumprindo a normativa legal na materia.

Corresponde ó concesionario vixia-la calidade bacteriolóxica do auga que subministra o Concello de Ferrol, e mesmo en augas de captación (fontes públicas, etc) e deberá responder neste particular ás condicións sanitarias fixadas pola Administración.

Asimesmo o concesionario deberá realizar análises periódicos das augas depuradas.

8.1.- En orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, **depuración**, elevación, **tratamento**, impulsión, **acumulación** e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.

Asimesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados.

O contratista asumirá ó seu cargo tódolos gastos de conservación das instalacións do abastecemento, agás aquelas que pola súa natureza sexan ampliacións, instalacións de tratamento, depósito ou ampliación da rede de distribución.

Consideraranse tamén ampliacións aquelas que se refiran ó cambio de sección de tuberías, insuficiencia de timbraxe, construción de obras e fábrica de nova pranta que non sexan substitutivas doutras deterioradas polo uso defectuoso do contratista.

8.2.- Non serán por conta do contratista os traballos que deberán realizarse pola eliminación de gretas, afundimento de cimentacións e outros deterioros importantes, en que puidera estimarse **forza maior** e sempre que non sexan por culpa ou negligencia do contratista, que deberá poñer en coñecemento do concello calquera anomalía ó respecto.

O presentarse algún dos problemas comprendidos no parágrafo anterior, o contratista presentará un informe realizado polos seus técnicos sobre as posibles causas e medidas a adoptar. En todo caso, o Alcalde, ou o delegado do servizo, nas súas funcións de inspección poderán requirir ós servizos técnicos municipais un informe ó respecto.

8.3.- O Concello asumirá ó seu cargo a renovación das instalacións por envellecemento ou aquelas que debido ó seu estado sexan necesario dalas de baixa, por se producir avarías con excesiva frecuencia, as cales deduciranse dos partes trimestrais que o contratista renderá sobre o estado da rede, anomalías e necesidades futuras.

Para a realización de obras de renovación e ampliación da rede, estarase de acordo co disposto na lexislación vixente en materia de contratación.

Non obstante o anterior o contratista, procederá no prazo máximo de seis meses desde a iniciación do servizo, a redactar un informe do estado de conservación e funcionamento da instalacións adxuntando un estudo de melloras posibles a realizar para a posta a punto da mesma, que garante o seu perfecto funcionamento. O estudo e informe será a cargo do contratista sin que poda reclamar cantidade algunha ó respecto.

En orde á explotación e conservación das obras e instalacións, a Comisión Mixta regulada no artigo 12 deste Prego de Condicións é competente na materia, co cal os informes, estudos e propostas, someteranse a deliberación pola citada comisión.

A conservación das canalizacións e redes de distribución, comprende:

- *Vixiancia da rede.*
- *A manobra periódica e a verificación do bó funcionamento de villas, bocas de rego e incendio, válvulas, comportas, etc.*
- *Búsqueda de escapes, fugas e reparacións.*
- *Roturas nas tuberías de conducción.*
- *Os bombeos en depósitos e instalacións."*

Tal y como se desprende de los pliegos de cláusulas administrativas y el informe en interpretación de los mismos emitido por el ingeniero de caminos, canales y puertos municipal don Lino Ameneiro Seijo el 20.9.2013, las operaciones de eliminación de lodos y aguas residuales requeridas forman parte del contrato, estimándose, tal y como indica el informe técnico, que la limpieza interior de los paramentos y fondos de los tanques de la EDAR no es una operación requerida para el mantenimiento y conservación de la misma y, por lo tanto, estaría fuera del objeto del contrato, por lo que cabe estimar parcialmente el recurso interpuesto en este sentido.

(.../...)

CUARTO.-Los artículos 71 y 72 de la Ley de Bases de Contratos del Estado establece que el empresario está obligado a ejecutar las obras precisas y a organizar el servicios con estricta sujeción a las características establecidas en el contrato y dentro de los plazos en el mismo señalados, a prestar el servicio con la continuidad convenida y cuidar del buen orden del servicio.

(.../...)

SEXTO.-Se establece el siguiente régimen sancionador en la cláusula 21: "As fallas leves de incumprimento deste contrato darán lugar á imposición dunha multa ata 5.000 pts.día ó adxudicatario. Terán este carácter o abandono ou desidia na demora da execución das reparacións no servizo.

Se o contratista incorrera en infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo, incluída a desobediencia e ordes de modificación, a Administración poderá declara-lo secuestro do mesmo co fin de aseguralo provisionalmente e a cargo do contratista, de acordo co establecido no artigo 143 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. Todo elo sen prexuício da rescisión do contrato que o Concello poderá decidir unilateralmente por aprecia-lo incumprimento do contrato, formalizándose dita rescisión pola notificación do acordo mediante calquera das formas sinaladas na Lei de Procedemento Administrativo."

A la vista de esta normativa debe concluirse que la demora en el cumplimiento del requerimiento del ayuntamiento es sancionable a razón de 30 €/día, a contar desde el cumplimiento del plazo concedido (debe tenerse presente que la interposición de recurso de reposición no suspende la ejecutividad del acto tal y como dispone el art. 111.1 de la Ley 30/92)."

-Tal e como se pon de manifesto no expediente incoado por Resolución 982/2013, con carácter previo á mesma, requiriuse en diversas ocasións que a mercantil actuara, dándosele traslado de informes técnicos e o preceptivo trámite de audiencia. As indicacións trasladadas dende o concello en ningún caso determinaban como e onde realizar as operacións.

-Quedou acreditado no expediente que VIAQUA solicitau que o Concello xestionara unha autorización de baleirado nunha instalación non recepciónada (EDAR de Punta Avarenta).

-Dado que o concello nunca indicou a VIAQUA como xestionar a operación, pero tampouco lle negou a posibilidade de facelo na EDAR de Punta Avarenta, o período ao que se refiren as penalidades se estima debe referirse dende o transcurso do prazo concedido na Resolución 982/2013 ata a data de recepción da EDAR de Punta Avarenta, isto é, do 09.09.2013 ao 29.05.2014.

A imposición de penalidades que proceden regúlase na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas que rexen a concesión, que indica: "cláusula 21: "As fallas leves de incumprimento deste contrato darán lugar á imposición dunha multa ata 5.000 pts.día ó adxudicatario. Terán este carácter o abandono ou desidia na demora da execución das reparacións no servizo."

Estímase procedente a imposición da penalidade na súa contía máxima, xa que o incumprimento contractual supón un grande risco de seguridade e salubridade, ademais de que foi precedido por diversas advertencias e traslado de informes que poñían de manifesto a urxencia da operación.

Na resolución que se dite cómpre facer especial advertencia ao réxime de execución subsidiaria previsto no artigo 95 e ss da Lei 30/1992.

TERCEIRO.-Ao estimarse integramente o recurso, non precede facer especial pronunciamento sobre a solicitude de suspensión do acordo que formula o recurrente.

CUARTO.-O Pleno é o órgano competente para resolver o presente recurso por maioría simple.

CONCLUSIÓN:

Infórmase favorablemente a estimación da caducidade do expediente de imposición de penalidades administrativas incoado mediante Resolución da Alcaldía 1063/2014 do 17 de outubro e resolto mediante acordo plenario de 09.04.2015.

En consecuencia, elévase a seguinte proposta de acordo:

1.-Estimar o recurso de reposición presentado por Viaqua o 19.05.2015 RXE 5195 e, polo tanto, declara a caducidade do expediente de imposición de penalidades administrativas resolto mediante acordo plenario de 09.04.2015, procedendo ao seu arquivo.

2.-Devolver o aval do BBVA presentado en garantía do acordo plenario do 09.04.2015 por importe de 7860 €, inscrito no Rexistro especial de avais co núm. 0182000838111

3.1.- Incoar un expediente (2/2015) para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía núm. 982/2013, conforme a motivación establecida no informe de secretaria 70/2015

3.2.- Dar audiencia no expediente a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, para que formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, conforme ao artigo 84 da Lei 30/1992.

3.3.-Nomear instrutor do procedemento ao alcalde.

4.-Notificar este acordo ao contratista indicándolle que fronte a este acordo, agás o punto terceiro que é un acto de trámite, poderá interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao que reciba esta notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Non obstante, contra o acto de nomeamento de instrutor poderá presentar recusación, consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Fene, 19 de xuño de 2015
A secretaria
Estefanía Manteiga Lamas"

Visto o que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.-Estimar o recurso de reposición presentado por Viaqua o 19.05.2015 RXE 5195 e, polo tanto, declara a caducidade do expediente de imposición de penalidades administrativas resolto mediante acordo plenario de 09.04.2015, procedendo ao seu arquivo.

2.-Devolver o aval do BBVA presentado en garantía do acordo plenario do 09.04.2015 por importe de 7860 €, inscrito no Rexistro especial de avais co núm. 0182000838111

3.1.- Incoar un expediente (2/2015) para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía núm. 982/2013, conforme a motivación establecida no informe de secretaría 70/2015 que se transcribe.

3.2.- Dar audiencia no expediente 2/2015 a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, para que formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, conforme ao artigo 84 da Lei 30/1992.

3.3.-Nomear instrutor do procedemento ao alcalde.

4.-Notificar este acordo ao contratista indicándolle que fronte a este acordo, agás o punto terceiro que é un acto de trámite, poderá interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao que reciba esta notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Non obstante, contra o acto de nomeamento de instrutor poderá presentar recusación, consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Fene, 19 de xuño de 2015

O alcalde
Juventino José Trigo Rey".>>

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Estimar o recurso de reposición presentado por Viaqua o 19.05.2015 RXE 5195 e, polo tanto, declara a caducidade do expediente de imposición de penalidades administrativas resolto mediante acordo plenario de 09.04.2015, procedendo ao seu arquivo.

2. Devolver o aval do BBVA presentado en garantía do acordo plenario do 09.04.2015 por importe de 7860 €, inscrito no Rexistro especial de avais co núm. 0182000838111

3.1. Incoar un expediente (2/2015) para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía núm. 982/2013, conforme a motivación establecida no informe de secretaría 70/2015 que se transcribe.

3.2. Dar audiencia no expediente 2/2015 a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, para que formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, conforme ao artigo 84 da Lei 30/1992.

3.3. Nomear instrutor do procedemento ao alcalde.

4. Notificar este acordo ao contratista indicándolle que fronte a este acordo, agás o punto terceiro que é un acto de trámite, poderá interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao que reciba esta notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Non obstante, contra o acto de nomeamento de instrutor poderá presentar recusación, consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

13. Aprobación, se procede, da declaración de caducidade do expediente de imposición á empresa Viaqua de penalidades administrativas núm. 1/2015 e incoación do expediente de penalidades administrativas núm. 3/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade que tivo lugar o 29.07.2015 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo mixto municipal):

<<ASUNTO: expediente núm. 1/2015 de imposición de penalidades administrativas á concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento, Viaqua.

O 09.04.2015 mediante acordo plenario acordouse incoarse expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 26.03.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia. No dito acordo déuselle audiencia polo prazo de dez días hábiles para que formulara alegacións e presentara os documentos e xustificantes que coidara pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

O 29.04.2015 Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU presenta unha serie de alegacións.

A día de hoxe o expediente non foi aínda resolto.

O prazo máximo de resolución deste expediente debe ser o de tres meses, ao non ter outro establecido por normativa específica, por aplicación supletoria do establecido no artigo 42.3 a) da Lei 30/92 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Transcorridos os tres meses desde o inicio do expediente sen a súa resolución debe procederse a declarar a súa caducidade e incoar novamente un expediente de imposición de penalidades.

A nova incoación do expediente motívase novamente no informe de secretaría 34/2015 que se transcribe a continuación,

"INFORME DE SECRETARÍA 34/2015

ASUNTO: imposición de penalidades administrativas

ANTECEDENTES:

1.-Incoación de expediente de imposición de penalidades administrativas por Resolución da Alcaldía 1063/2014, ratificado polo Pleno o 4.12.2014, por non atender ao requirimento efectuado mediante resolución 982/2013 entre o 9.9.2013 e 17.10.2014.

2.-Informe de secretaría 7/2015

- 3.-Dilixencia de instrución estimando parcialmente as alegacións presentadas por Viaqua o 24.10.2014, pola que se estima que o período de penalización debe comprender dende o 9.9.2013 ata o 29.5.2014
- 4.-Autorización para baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia de 17.12.2014
- 5.-Remisión a Viaqua da autorización de baleirado da EDAR de Maniños o 2.01.2015 indicándose por parte da Alcaldía a pronta actuación conforme ás instrucións dadas ata o momento e a autorización remitida
- 6.-Solisitude de aclaración da autorización de baleirado por parte de Viaqua o 19.01.2015, que se contesta o 20.01.2015 como improcedente ante a claridade da autorización autonómica, reiterando que se actúe sen demorar máis a actuación.
- 7.-Dilixencia de comparecencia do xefe de planta da EDAR de Punta Avarenta (Chema González) perante a Policía Local de Fene na que se constata que a data de hoxe a actuación segue sen estar realizada e que a concesionaria Viaqua non se puxo en contacto con esta persoa (tal e como se lle indica na autorización autonómica como paso previo para realizar o baleirado).

Á vista do que antecede, INFORMO:

PRIMEIRO.-A DT1ª do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Ley de contratos do sector público (TRLCSP) di que os contratos administrativos adjudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.

Asemade o presente contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.

O Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de contratación do Estado establece no seu artigo 228 que "Si el empresario incumpliese alguna de las cláusulas previstas en el contrato sin dar lugar a la resolución, no obstante la advertencia previa de la Administración, instándole a que cumpla el compromiso, dará derecho a ésta a imponer las sanciones que se hubiesen previsto en el contrato".

Ante a falta de regulación na normativa contractual dun procedemento específico para imposición das penalidades que correspondan -máis alá de competencia para a súa imposición e a súa forma de execución- e vista a xurisprudencia existente, debe acudirse ás disposicións xerais sobre os procedementos administrativos do título VI da Lei 30/1992 non lle sendo de aplicación a normativa propia do dereito sancionador (STS do 18.05.2005, 10.02.1990 e 21.11.1988).

Polo sinalado, transcorridos os 10 días naturais dende a remisión a Viaqua da autorización de baleirado da EDAR de Maniños o 2.01.2015 indicándose por parte da Alcaldía a pronta actuación conforme ás instrucións dadas ata o momento e a autorización remitida sen que se cumprira co requirimento realizado, atopámonos ante un incumprimento contractual.

Conforme ao anterior expediente de incoación de penalidades administrativas e o informado pola suscribinte no informe 7/2015 cómpre incardinar este incumprimento contractual na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión cando considera falta leve sancionable con 30 euros diarios a demora na execución das reparacións do servizo.

En canto á interpretación dada á reparación do servizo remítome ao informado no informe 7/2015 no que dicía:

"Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.

A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que " en orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como

consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.

Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados."

Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar técnicamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).

Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 neste ponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de obra civil e que, co novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.

En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo.

Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.

De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a "reparacións do servizo" cando a EDAR non está en funcionamento e non hai "servizo" que reparar.

Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).

Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de "rescate do servizo", "infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo".

Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.

Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di "As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista."

Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.

Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.

Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía."

Así as cousas, constatado que a día de hoxe segue sen atenderse ao requerimento feito pola Alcaldía cómpre que o órgano de contratación (o Pleno) incoe o correspondente expediente de imposición de penalidades a razón de 30 euros ao día polo tempo transcorrido entre o 2.01.2015 e o 26.03.2015 (podendo variar este último en función da data da proposta da alcaldía ou o acordo plenario, unha

vez constatado que nesa data o requerimento segue sen se cumprir) sen que Viaqua atenda á orde dictada pola Alcaldía de baleirado da EDAR de Maniños e demais actuacións que se lle requiriran á concesionaria na Resolución 982/2013.

SEGUNDO.- En virtude da DA 2ª TRLCSP e o artigo 47 LBRL o Pleno é o órgano competente para a adopción do presente acordo por maioría simple, debendo nomear a un instrutor do expediente.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a incoación dun expediente de imposición de penalidades administrativas á concesionaria do servizo de explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de sumidoiros do municipio de Fene, Viaqua, a razón de 30 euros ao día polo tempo transcorrido entre o 2.01.2015 e o 26.03.2015 sen realizar as actuacións requiridas na Resolución da Alcaldía 982/2013, unha vez que se lle deu traslado d autorización autonómica para o baleirado da EDAR de Maniños.

Fene, 26 de marzo de 2015

A secretaria

Estefanía Manteiga Lamas"

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente de imposición de penalidades administrativas 1/2015 iniciado mediante acordo plenario do 09.04.2015 procedendo ao seu arquivo.

SEGUNDO.- Incoar o expediente 3/2015 para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia.

TERCEIRO.- Dar audiencia no expediente 3/2015 a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, para que formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, conforme ao artigo 84 da Lei 30/1992.

CUARTO.- Nomear instrutor do procedemento ao alcalde.

QUINTO.- Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e que,

- O punto primeiro é recorrible mediante o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolles que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o punto primeiro ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

- Os puntos segundo, terceiro e cuarto trátanse de actos de trámite non cualificados fronte ós que non cabe a interposición de recurso ningún sen prexuízo do que caiba interpoñer fronte á resolución que poña fin ó procedemento.

Non obstante, contra o acto de nomeamento de instrutor poderá presentar recusación, consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Fene, 17 de xullo de 2015

O alcalde
Juventino José Trigo Rey>>.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO. Declarar a caducidade do expediente de imposición de penalidades administrativas 1/2015 iniciado mediante acordo plenario do 09.04.2015 procedendo ao seu arquivo.

SEGUNDO. Incoar o expediente 3/2015 para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia.

TERCEIRO. Dar audiencia no expediente 3/2015 a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, para que formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, conforme ao artigo 84 da Lei 30/1992.

CUARTO. Nomear instrutor do procedemento ao alcalde.

QUINTO. Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e que,

- O punto primeiro é recorrible mediante o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolles que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o punto primeiro ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-

Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

- Os puntos segundo, terceiro e cuarto trátanse de actos de trámite non cualificados fronte ós que non cabe a interposición de recurso ningún sen prexuízo do que caiba interpoñer fronte á resolución que poña fin ó procedemento.

Non obstante, contra o acto de nomeamento de instrutor poderá presentar recusación, consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

14. Aprobación, se procede, da reclamación de cantidades en concepto de exencións dos exercicios 2008-2014 presentada pola empresa Viaqua

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade que tivo lugar o 29.07.2015 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo mixto municipal):

<<Logo de ver as solicitudes solicitadas presentada por Viaqua con data de 6 de marzo de reclamación das tarifas de auga non cobradas nos anos 2008 a 2014 ós usuarios beneficiarios de exención de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora ó que se adxuntan copias simples das notificacións das resolucións de concesión das exencións, a solicitude presentada por Aquagest, Promoción Técnica y Financieira de Abastecimiento de Agua, SA con data de 27/03/2013 de reclamación do pagamento das tarifas de auga non cobradas ós usuarios beneficiarios da exención prevista na ordenanza fiscal reguladora no ano 2009 e a solicitude presentada por Aquagest, Promoción Técnica y Financieira de Abastecimiento de Agua, SA con data de 27/03/2013 de reclamación do pagamento das tarifas de auga non cobradas ós usuarios beneficiarios da exención prevista na ordenanza fiscal reguladora no ano 2008.

Logo de ver o contrato administrativo formalizado con data de 19 de novembro de 2002 con Aquagest, Promoción Técnica y Financieira de Abastecimiento de Agua, SA así como as Ordenanza fiscal nº 7 e 17 reguladoras das taxas pola sumministración de auga e servizo de saneamento .

Logo de ver a sentenza 196/2013, de 31 de xullo de 2013 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Ferrol así como o informe emitido por D. Julio Sánchez Méndez (entrada nº 3433, 14/04/2014) en relación sobre o estado do contrato de concesión e explotación do suministro de auga potable e saneamento adxudicado á empresa "Viacua Gestión Integral de augas de Galicia SAU para a súa aportación ó procedemento de execución definitiva da sentenza 196/2013, de 31 de xullo de 2013.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención municipal con data de 18 de xuño no que se informa desfavorablemente o pagamento das cantidades reclamadas pola empresa e que transcrito di:" INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO.- SOLICITUDE PRESENTADA POR VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU DE RECLAMACIÓN DO PAGAMENTO DAS EXENCIÓNS CONCEDIDAS POLO CONCELLO NOS ANOS 2008 A 2014 (ÁMBOS INCLUSIVE) Ó ABEIRO DAS ORDENANZAS REGULADORAS DAS TAXAS POLA SUMINISTRACION DE AUGA E SANEAMENTO.

Marta Roca Naveira, Interventora do Concello de Fene, en relación co asunto mencionado emite o seguinte INFORME:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réximen Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de Réximen Local.
- Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de Contratos do Estado

- Regulamento de servicios das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales.
- RD Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, (Disposición Transitoria Primeira.)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2014, prorrogado.

ANTECEDENTES DE FEITO

- Solicitudes presentada por Viaqua con data de 6 de marzo de reclamación das tarifas de auga non cobradas nos anos 2008 a 2014 ós usuarios beneficiarios de exención de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora ó que se adxuntan copias simples das notificacións das resolución de concesión das exencións.
- Solicitud presentada por Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua, SA con data de 27/03/2013 de reclamación do pagamento das tarifas de auga non cobradas ós usuarios beneficiarios da exención prevista na ordenanza fiscal reguladora no ano 2009.
- Solicitud presentada por Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua, SA con data de 27/03/2013 de reclamación do pagamento das tarifas de auga non cobradas ós usuarios beneficiarios da exención prevista na ordenanza fiscal reguladora no ano 2008.
- Contrato administrativo formalizado con data de 19 de novembro de 1993.
- Ordenanzas fiscais nº 7 reguladora da taxa pola administración de auga e nº 17 reguladora da taxa polo servizo de saneamento.
- Sentencia 196/2013, de 31 de xullo de 2013 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Ferrol.
- Copia simple da separata do informe emitido por D. Julio Sánchez Méndez emitido o 11/04/2015 (entrada nº 3433, 14/04/2014) en relación sobre o estado do contrato de concesión e explotación do suministro de auga potable e saneamento adxudicado á empresa "Viacua Gestión Integral de augas de Galicia SAU para a súa aportación ó procedemento de execución definitiva da sentenza 196/2013, de 31 de xullo de 2013.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Concello de Fene en data de 19/11/1993 formalizou contrato coa empresa Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua, S.A para a xestión dos servizos de abastecimento de auga e saneamento do concello. Este contrato foi modificado por acordo plenario de 07/03/2002 ampliándose o período contractual inicial da concesión por dez anos mais (ata o 2018).

O prego de cláusulas administrativas que é parte integrante do contrato, na súa cláusula 5ª relativa ó tipo de licitación establece que:

"Dada a natureza deste concurso, non se establece tipo de licitación.

*As proposicións que se presenten **terán en conta para a formación do canon que sinalen , a satisfacer polo Concello, todas ou algunhas das seguintes circunstancias:***

- *O maior número de abonados que podan darse de alta ademais dos existentes actualmente.*
- *A maior facturación que se realice da que sexa contabilizada no ano 1992 e sobor de todo as bases das tarifas fiscais existentes.*
- *O menor custe da explotación do servizo.*

O canon que resulte da adxudicación definitiva, revirases previa solicitude motivada do adxudicatario e sempre que se dean as seguintes condicións:

A.-Poderá revisarse o canon sen suxección a prazo cando se realicen ampliacións da rede de distribución de auga e saneamento, se establezan novas depuradoras de augas residuais ou se creen novas instalacións dos servizos, sempre que o concesionario xustifique que tales ampliacións e instalacións incrementan os custos de explotación dos servizos.

B.-Tamén poderase revisa-lo canon cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:

Que transcorreran dous anos dende a entrada en vigor da contrato ou desde a última revisión aprobada e que os custos do servizo subiran mais dun 10%.

C.- Asimesmo procederá a revisión de precios, cando variaran os memos na subministración de auga, por parte do Concello de Ferrol.

Esta variación será determinada de acordo coa seguinte fórmula.

"....."

A revisión do cánon realizarase de acordo coa seguinte fórmula polinómica:

$$P = P_0 \left(\frac{M}{M_0} + \frac{J}{J_0} + \frac{E}{E_0} \right)$$

"....."

Para a preparación do presuposto municipal, o contratista está obrigado a facilitar ó final de cada exercicio un estudio ó Concello no que, habida conta das previsións de facturación, aumento de abonados, ampliacións que teñan en proxecto o Concello e actualización do precio da concesión, no que se fagan aparece-los resultados provisorios da explotación para o vindeiro exercicio, así como a determinación das tarifas correspondentes, ós efectos da súa tramitación.

Na proposición figurará a fórmula polinómica proposta.

...."

Asimesmo, na **cláusula primeira do documento contractual** establécese que:

"PRIMEIRO.-, se obriga á EXPLOTACION DOS SERVICIOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMIENTO DE AUGA E REDE DE SANEAMIENTO DO MUNICIPIO DE FENE" **nos prezos sinalados na oferta Variante 1, que son os seguintes IVE incluído:**

-AUGA: *Uso doméstico: 22,39 pts/m3. Mínimo 12m3/mes*
 Uso industrial: 22,29 pts/m3. Minimo 12 m3/mes

-SANEAMIENTO: *Uso doméstico: 14,42 pts/m3.*
 Uso industrial: 14,42 pts/m3

....."

E na cláusula 2ª do contrato determínase que: "**O adxudicatario comprométese a abonar ó Concello un canon de 1,25 pts. Por cada m3 de auga facturada no servizo de abastecemento de auga potable**"

Igualmente debe terse en conta a cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas que constitúe lei do contrato, relativa ó principio de risco e ventura que dispón que : " *O contrato a que se refire este prego de condicións económico-administrativas, entenderase en todo caso a risco e ventura do adxudicatario*"

A disposición transitoria primeira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, indica no seu apartado segundo que "*Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de a presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluída su duración y su régimen de prórrogas, por la normativa anterior*"

Polo tanto, atendendo á data de fomalización do contrato (1993), este rexerese polo disposto no Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de Contratos do Estado, o disposto no Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, así como ás determinacións do prego de cláusulas administrativas que segundo reiterada xurisprudencia constitúe lei do contrato e con prevalencia sobre as normas xerais de contratación administrativa (STS de 30.05.1998, rec. 7200/92)

Segundo.- As ordenanzas nº 7 reguladora da taxa pola subministración de auga e nº 17 reguladora da taxa polo servizo de saneamnto (cuxas últimas modificación foron aprobadas polo Pleno en data de 7 de agosto de 2008, publicada no BOP de 23/08/2008) e que resultan de aplicación, í contemplan a posibilidade de conceder exencións ós suxeitos pasivos que cumpran determinados requisitos.

O abeiro de dita regulación, o Concello de Fene procedeu á concesión de diversas exencións nos exercicios 2008 a 2014.

Terceiro.- O concesionario reclama a compensación económica das tarifas non cobradas dos usuarios do servizo de auga e saneamento por ser beneficiarios dunha exención concedida polo Concello nos exercicios 2008 a 2014. O importe reclamado por estes conceptos para o período 2008-2014 ascende a 8805.90 €.

Con carácter previo, convén lembrar o xa manifestado por esta Intervención en anteriores informes en relación coas irregularidades do procedemento de recadación das taxas polo suministro de auga e servizo de saneamento, que supón, entre outros, a percepción directa das mesmas pola concesionaria e a omisión do procedemento recadatorio legamente establecido.

Xa entrando no análise da reclamación económica da empresa e tendo en conta a data de adxudicación do contrato (1993), haberá que estar, tal e como se expuxo, á regulación do Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de Contratos do Estado que no seu artigo 73 establecía que *"El empresario tiene derecho a las prestaciones económicas previstas en el contrato y a la revisión de las mismas, en su caso, en los términos que el propio contrato establezca"*, así como ás determinacións do propio contrato, en concreto, a cláusula 5ª do prego de cláusulas así como a 1ª do contrato formalizado.

A hora de calificar que é o que está a pretender a empresa, e aínda cando non se indica expresamente o motivo na solicitude presentada, esta Intervención considera que o que se está a solicitar é o mantemento do equilibrio económico do contrato como modo de revisión extraordinario do réxime económico- financeiro do contrato. E neste punto, debe terse en conta que o principio de mantemento do equilibrio actúa como un sistema extraordinario de revisión de prezos cando o sistema de compensación ordinario que supón a revisión de prezos pactada non é suficiente para compensar o desequilibrio sufrido polo contratista por unha circunstancia totalmente imprevisible (risco imprevisible), por unha decisión de política xeral (factum principis) ou por un acordó do órgano de contratación de modificación do contrato (ius variandi).

Antes de analizar no fondo da cuestión, convén realizar unhas consideracións xerais sobre os principios de risco e ventura e restablecemento do equilibrio económico dos contratos públicos, citando ó efecto a normativa así como o criterio xurisprudencial aplicable tanto sobre a vixencia do principio de risco e ventura nos contratos concesionais de xestión de servizos públicos como sobre a necesidade en determinadas situación de manter o equilibrio económico da concesión

Así, o contrato suscrito para a explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e rede de saneamento do Concello de Fene é un contrato de xestión de servizos públicos baixo a modalidade de concesión, polo que dende unha perspectiva xurídica implica que o concesionario ten que xestionar o servizo ó seu propio risco e ventura. Neste sentido se pronuncia o artigo 11 do prego de cláusulas administrativas do contrato cando dispón que *"la declaración de que el presente contrato será a riesgo y ventura para el adjudicatario"*.

Ademais debe terse en conta a lexislación sobre contratación administrativa vixente á data do citado contrato, integrada polo Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de Contratos do Estado que no seu artigo 73 establecía que *"El empresario tiene derecho a las prestaciones económicas previstas en el contrato y a la revisión de las mismas, en su caso, en los términos que el propio contrato establezca"*

Por outro lado, de forma máis detallada refírese á necesidade de manter o equilibrio financeiro durante a vixencia da concesión administrativa o Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais. Así, sinala o art. 126.b de este Decreto que : *"2. En el régimen de la concesión se diferenciará: b) la retribución económica del concesionario, cuyo equilibrio, a tenor de las bases que hubieran servido para su otorgamiento, deberá mantenerse en todo caso y en función de la necesaria amortización, durante el plazo de la concesión, del coste del establecimiento del servicio que hubiera satisfecho, así como de los gastos de explotación y normal beneficio industrial"*. No art. 127.2 2º do citado Decreto non sólo se sinala como obriga da Corporación a de manter o citado equilibrio senón que incluso se refire ós medios cos cales manter dito equilibrio en relación coas causas que poden provocar o mesmo, verificándoo nos seguintes termos:

"2.La Corporación concedente deberá:

2º) Mantener el equilibrio económico de la concesión, para lo cual:

a) *Compensará económicamente al concesionario por razón de las modificaciones que le ordenare introducir en el servicio y que incrementaren los costos o disminuyeran la retribución.*

b) *Revisará las tarifas y subvención cuando, aun sin mediar modificaciones en el servicio, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinaren, en cualquier sentido, la ruptura de la economía de la concesión."*

Por outra lado, o artigo 128.3.2º do mesmo Decreto reconece, entre outros, o dereito do concesionario: "2º *Obtener compensación económica que mantenga el equilibrio financiero de la concesión en los casos en que concurra cualquiera de las circunstancias que se refieren los números 2º), 3º) y 4º) del párrafo 2 del artículo anterior"*.

E polo que se refiere á retribución que percibirá o concesionario sinala no art.129 que: " 1. *El concesionario percibirá como retribución:*

a) *Las contribuciones especiales que se devengaren por el establecimiento del servicio, salvo cláusula en contrario.*

b) *Las tasas a cargo de los usuarios, con arreglo a la tarifa aprobada en la forma dispuesta por el art. 179 de la Ley.*

2. *También podrá consistir la retribución, juntamente con alguno de los conceptos anteriores, o exclusivamente, si el servicio hubiera de prestarse gratuitamente, en subvención a cargo de los fondos de la Corporación.*

3. *En todo caso, la retribución prevista para el concesionario deberá ser calculada de modo que permita, mediante una buena y ordenada administración, amortizar durante el plazo de la concesión el costo del establecimiento del servicio y cubrir los gastos de explotación y un margen norma de beneficio industrial.*

4. *Si como forma de retribución, total o parcial, se acordare el establecimiento de subvención, ésta no podrá revestir la forma de garantía de rendimiento mínimo ni cualquier otra modalidad susceptible de estimular el aumento de gastos de explotación, y en general, una gestión económica deficiente por el concesionario y el traslado de las resultas de la misma a la Entidad concedente.*

5. *La retribución será revisable en los casos que aluden los arts. 127 y 128."*

Polo tanto, nos contratos concesionais rexe o principio de remuneración suficiente- mantemento do equilibrio económico- (artigo 129.3 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais), debéndose incorporar ó Prego de condicións as previsións suficientes para que dende o inicio da concesión o concesionario perciba as cantidades precisas para que obteña os obxetivos previstos no artigo 129 antes mencionado.

A propia xurisprudencia do Tribunal Supremo e dos Tribunales de Xustiza pronunciáronse sobre a vixencia e aplicación do principio de risco e ventura nos contratos de concesión administrativa, como tamén sobre como debe entenderse e cando se debe acudir á figura do denominado "equilibrio financiero da concesión". Comezar citando a Sentencia do Tribunal Superior de Xusticia de Castilla e León, Sala do Contencioso Administrativo de 26.6.2009 dictada no recurso de apelación nº 141/2009 lémbra nos os seguintes criterios xurisprudenciais aplicables ó respecto, recordando á súa vez o que sobre esta cuestión indica a Sentencia do TSJ de Cantabria de 06.10.2006 sobre a necesidade de proba de que existira ou vaia a existir un evento extraordinario que romperá o equilibrio financiero da concesión. Así, "SEPTIMO: *De igual sentido es la motivación jurídica de la Sentencia dictada por el Tribunal Superior de Justicia de Madrid, Sala de lo Contencioso-Administrativo, sec. 3ª, S 27-1-2005, nº 134/2005, rec. 1139/2001 cuando determina la obligación del concesionario de probar que ha existido un evento extraordinario que ha roto el equilibrio-economizo financiero de la concesión y así:*

"SEGUNDO.- *La regla general que rige la contratación administrativa de riesgo y ventura recogida en el art. 57 del Reglamento de Contratación de las Corporaciones locales, así como la regla de la inalterabilidad de los contratos, art. 51 del mismo reglamento, ceden a las reglas excepcionales de alteración de las condiciones tenidas en cuenta al tiempo de la adjudicación de la concesión de gestión de servicios públicos, tratando de mantener el equilibrio entre la nueva situación producida y los ingresos esperados y previstos por las partes, logrando con ello una continuidad en la prestación del servicio público y dominando sobre el abandono de la misma por parte del concesionario al no poder soportar económicamente la situación.*

Se sustituye así el carácter rígido del principio pacta sunt servanda por el de la flexibilidad, en base al interés público mencionado, y el principio de buena fe que debe presidir las relaciones contractuales. Así lo establecen las sentencias del Tribunal Supremo de 24 de abril de 1985 y 20 de diciembre de 1986, recogiendo la doctrina francesa de la necesidad fundamental de mantener la continuidad de la prestación del servicio público.

De esta forma lo recoge el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales que ha consagrado claramente esta flexibilización del contrato, - arts. 126.2 .b), 127.2.2 y 128.3.2 - frente a la inalterabilidad que le atribuye el Reglamento de Contratación -art. 51 -.

Como dice la Sentencia del Tribunal Supremo de fecha 3-1-2001, refiriéndose a otra de la misma Sala de fecha de 27 de febrero de 2000, ha de ponderarse que, a la vista del art. 51 del Reglamento de Contratación de las Corporaciones Locales y de lo que impone la normativa sobre contratos del Estado, aplicable a los de las entidades locales, existe un principio general de inalterabilidad de los contratos, salvo las excepciones admitidas que son, eso, excepciones a un régimen general de mantenimiento de las condiciones establecidas en los correspondientes Pliegos, y que, en cuanto tales, exigen una interpretación restrictiva cuyas únicas salvedades vienen constituidas porque hayan sido inicialmente previstas o porque ocasionen una ruptura del equilibrio económico financiero claramente acreditada o porque resulte evidentemente producida por la superveniencia de hechos que alteren dicho equilibrio.

De todas formas, como ha señalado la Jurisprudencia, el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales de 17 de junio de 1955 (arts. 126.2 .b), 127.2.2, 128.2.2 y 152.3) acoge la concepción amplia del principio de la teoría del equilibrio financiero de la concesión administrativa, comprensivo tanto del hecho del príncipe (apartado a), como de la teoría de la imprevisión (en el apartado b), destacando el art. 129.4 la naturaleza de principio excepcional reconocido por la jurisprudencia del Tribunal Supremo (sentencias de 13 de enero de 1958, 24 de noviembre de 1962, 1, 8 y 13 de abril, 22 de octubre y 23 de noviembre de 1981, 5 de marzo, 14 de octubre de 1982 y 9 de octubre de 1987, entre otras), limitando el art. 127.2.2 , a dos los supuestos en que la Corporación está obligada a mantener el equilibrio financiero de la concesión, el primero cuando la Corporación introduzca modificaciones en el servicio que incrementen el costo del servicio o disminuyan la retribución, y el otro, cuando, aun sin mediar modificaciones en el servicio, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinen en cualquier sentido la ruptura de la economía de la concesión (Sentencia del Tribunal Supremo de 2 de marzo de 1999).

Lo expuesto determina la obligación del concesionario de probar que ha existido un evento extraordinario que ha roto el equilibrio económico financiero de la concesión"

E añade que: "A lo expuesto debe de añadirse que, tal como expresa, entre otras, la Sentencia del Tribunal Supremo de 2 de marzo de 1999 "no puede entenderse que al amparo de la teoría del riesgo imprevisible los entes locales deban paliar o subsanar todas las situaciones de crisis económica en que puedan encontrarse las empresas concesionarias. Subsiste igualmente la necesidad de comprobar en el caso concreto si efectivamente la circunstancia que se dice imprevisible no pudo ser prevista razonablemente, pues la empresa contrata a riesgo y ventura y debe suponerse una mediana diligencia en los cálculos económicos efectuados al acordarse el precio de la retribución. En definitiva ello forma parte de uno de los elementos de juicio de que el empresario dispone para asumir el riesgo que todo negocio comporta". En este sentido, es una constante en la jurisprudencia para aplicar la teoría del riesgo imprevisible la exigencia de que la ruptura de equilibrio financiero del contrato se deba a circunstancias y alteraciones económicas extraordinarias, anormales, imprevistas y profundas que afecten grandemente a éste (vid Sentencias del Tribunal Supremo de 30 de abril del 2001, dictada por la Sección 7ª de la Sala 3ª en el Recurso núm. 8602/1995, de 20 de mayo de 1999, Recurso núm. 4547/1993 y de 30 de abril de 1999, Recurso núm. 7196/1992 , ambas de la misma Sala y Sección."

Expostas as líneas xerais do principio de risco e ventura e mantemento do equilibrio económico convén dicir que a empresa solicita unha compensación económica pola modificación das tarifas (establecemento de exencións) que levou a cabo o Concello dentro das súas potestades. E polo que , enténdese que fundamenta a súa reclamación de revisión extraordinaria das bases do contrato na aplicación do principio de "factum principis" (que se asocia, conforme á doutrina xurisprudencial, a aqueles supostos nos que a a adopción pola Administración de medidas de carácter económico ou social, acordadas ó marxe do contrato, teñen unha repercusión negativa na súa execución facéndoo máis oneroso para o contratista).

Este requerimento de restablecemento do reequilibrio esixe- á vista da doutrina e lexislación aplicable- a súa proba e ademáis que deben de concurrir os requisitos para a súa estimación.

Así, e tal e como se afirma na STS de 24.09.2013, é preciso 3 esixencias para que poida ser apreciado o desequilibrio económico financiero nunha concesión:

- 1) Que queden perfectamente determinados os ingresos e gastos
- 2) Que, como consecuencia do anterior, o desequilibrio quede debidamente fundamentado e probado.

- 3) Que para que a Administración e as cargas públicas deban pagar o desequilibrio, debe de terse xustificado e acreditado a existencia dun suceso imprevisión e extraordinario que alterase moi notablemente ao equilibrio económico e financeiro da concesión.

Así, polo que se refire á acreditación pola empresa da ruptura do equilibrio contractual, debe estarse ó criterio manifestado polo Tribunal Supremo en casos similares, así na Sentencia de 17.6.2002 manifestouse que: "CUARTO.- (...) Y la Sala señala que las conclusiones del Sr. Magistrado, contenidas en su Sentencia, una vez efectuada la valoración de la prueba sin haber habido error en su apreciación de la documental, acertadamente le han llevado al convencimiento y motivación jurídica de que no se ha producido el desequilibrio de la concesión administrativa, ni por la modificación de tarifas ni por otra circunstancia derivada y a ellas inherente, **porque el planteamiento del concesionario se basa en un informe que no tiene en cuenta factores, variables ni datos, sumamente necesarios para esclarecer ese hecho fundamental cual es, que ha habido pérdidas en las concesiones** y, además cuando de otra documental obrante en las actuaciones, presentada a la Administración y del Informe de técnico municipal tras el estudio de esta, se desprende que ha experimentado la misma incremento de beneficios y aumento del margen industrial. Estos elementos son imprescindibles y determinantes para, según la doctrina científica jurídica y jurisprudencia, que se puede tener derecho a la compensación económica pero, antes debe experimentarse una disminución y en esta ocasión se comparte por esta Sala todos los óbices y reparos que el Sr. Magistrado de instancia opone a la reclamación ya que, pretendiendo una cuantiosa cantidad por las pérdidas y ganancias dejadas de obtener en las dos concesiones administrativas que abarca hasta su fin (años 2040 y 2067), ella la reclamante, concesionaria, se apoya en una modificación de tarifas (Acuerdo 26/11/1998), pero no se fija en extremos tales como los incrementos del IPC de estas que ha habido en los años reclamados; la utilización mayor menor o similar de los usuarios ante el cambio; ni en la nueva tarifa por minutos aprobada en el año 2004 puesto que reclama en años futuros, establecida con mas aproximación del tiempo real de aparcamiento; y otras cuestiones interesantes, que redundan en su pretensión para sostener esta, la disminución y reducción que lleva a la ruptura del equilibrio, pues, no solo basta calcular las cantidades que derivadas de ella estima perjuicio y reclama tras unos cálculos, más o menos certeros, sino que debe lograr la realidad de la primera, elemento sustancial para su derecho pretendido y en esta acreditación tiene incidencia la probanza de todo aquello y lo cual le incumbe a ella para que declarar la obligación la Administración de darle protección y amparo con el restablecimiento económico, (Arts. 127, 128 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales) y al no conseguir este objetivo por lo expuesto, en su consecuencia, se confirma lo resuelto en la Sentencia apelada por esta Sala y se confirma no concurren requisitos o presupuestos de hecho exigidos para la aplicación del restablecimiento del equilibrio financiero concesional, "teoría del riesgo imprevisible", con plena vigencia del principio del riesgo y ventura que preside el principio de la contracción administrativa." »

Outro dos requisitos necesarios que deben terse en conta que para que se considere que o desequilibrio financeiro dé lugar a unha indemnización por parte da Administración é que sexa por unha causa non previsibe no momento de celebrarse o contrato. Neste sentido se pronuncia a STS de 04.07.2006, recurso nº 9890/2003: "Ahora bien sobre esta cuestión conviene exponer lo que sigue: en primer término que la oferta y el porcentaje de tarifas especiales la realizó libremente la empresa, y si erró en las apreciaciones que efectuó, a ella, exclusivamente, es imputable esa circunstancia. Que esa errónea apreciación no es un riesgo imprevisible es obvio. Pero, sobre todo, y esto es lo más importante, **que los ingresos por esa circunstancia sean menores que los esperados no rompe el equilibrio financiero de la concesión, ya que eso no significa que la concesionaria no esté obteniendo beneficios** y, por tanto, explotando satisfactoriamente la carretera construida. **Tanto más cuanto que las tarifas se revisan del modo previsto en el Pliego de Cláusulas Generales como ya quedó expuesto en su momento**".

E con moita máis precisión na STS de 04.05.2005, recursos de casación 1094/2003: "Los preceptos invocados del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, se refieren al mantenimiento del equilibrio financiero de la concesión cuando por **circunstancias sobrevenidas e imprevisibles** se produzca la ruptura de la economía de la concesión, y a su formulación jurídica, en sus distintos aspectos, se dedica gran parte de la exposición de este motivo de casación, pero para que ello tenga lugar **es preciso que se acredite dicha ruptura económica en su contenido y alcance que permita valorar su incidencia en el equilibrio contractual**, y es el caso que la sentencia de instancia considera que no se acredita la reducción de jornada ni el alegado incremento de plantilla, hechos a los que ha de estarse, pues, como señala la sentencia de 2 de septiembre de 2003, «la

fijación de los hechos constituye competencia exclusiva del Tribunal de instancia, lo que obliga a atenerse a la apreciación de la prueba hecha por éste, salvo que se alegue el quebrantamiento de las formas esenciales del juicio en relación con la proposición o la práctica de prueba, la incongruencia o falta de motivación de la sentencia; se invoque oportunamente como infringida una norma que deba ser observada en la valoración de la prueba ya se trate de las normas que afectan a la eficacia de un concreto medio probatorio, o de las reglas que disciplinan la carga de la prueba o la formulación de presunciones; o, finalmente, se alegue que el resultado de ésta es arbitrario, inverosímil o falto de razonabilidad, pues en este caso debería estimarse infringido el principio del ordenamiento que obliga al juzgador a apreciar la prueba sujetándose a las reglas de la sana crítica (por todas, sentencia de 21 de diciembre de 1999)». Alegaciones que no se han formulado en este caso, en el que no se cuestiona la valoración de la prueba efectuada en la instancia por ninguna de las vías indicadas.

*Faltando la acreditación de tal presupuesto de hecho de afectación del equilibrio financiero, decae la pretensión de la parte fundada en tal circunstancia, como mantiene la sentencia de instancia, que añade el argumento, tampoco desvirtuado por la recurrente, que de que la revisión del convenio colectivo no reúne las características de imprevisibilidad exigidas al efecto, lo que reafirma la parte recurrida con cita de las sentencias de 2-1-79, 12-1-81, 20-9-91, 22-1 y 30-4-2001, a lo que cabe añadir, que **la alteración del equilibrio económico del contrato, exige que la Administración haya introducido modificaciones en la prestación del servicio, o que hayan ocurrido circunstancias sobrevenidas imprevisibles que hayan provocado el desequilibrio, que en general y como señala la sentencia de 18 de diciembre de 2001 se trata de acontecimientos ajenos a la voluntad del concesionario**, lo que no puede afirmarse de un Convenio Colectivo de empresa suscrito por el mismo, cuyos efectos no son trasladables a la Corporación titular del servicio, pues con ello se dejaría en manos de una de las partes la determinación de las obligaciones de la otra, añadiendo dicha sentencia, que es criterio jurisprudencial reiterado en las de 2-12-1988 y 8-11-1994, que no puede afirmarse que sea el Convenio Colectivo un acontecimiento ajeno a la voluntad del concesionario que irrumpa en el mantenimiento del equilibrio económico del contrato."*

Convén agora analizar se a reclamación da empresa fundamentada na concesión de determinadas exencións como causa determinante do desequilibrio económico da concesión que debe ser compensado é subsumible na doutrina do "factum principis".

Debe terse en conta que o contrato formalizouse no ano 1993, momento no que si ben as Ordenanza fiscais vixentes nese momento, non contemplaban ningún tipo de exención, e que o concesionario no estudio económico presentado unicamente considerou como menores ingresos os relativos 'ós consumos municipais", sen embargo a Lei 39/1988, reguladora das facendas locais vixente nese momento si contemplaba no seu artigo 24.3 que "Para la determinación de la cuantía de las tasas deberán tenerse en cuenta criterios genéricos de capacidad económica de los sujetos obligados a satisfacerlas" e, polo tanto, si existía a posibilidade legal de regular vía ordenanza fiscal a previsión de exencións, bonificacións na cota.

Tal e como se afirmou anteriormente, a empresa na solicitude non determina expresamente o motivo que fundamenta a súa petición nin aporta ningunha documentación mais alá das copias simples das resolucións da Alcaldía polas que se resolve a concesión das exencións, polo que tendo en conta a interpretación realizada por esta funcionaria en relación a como debe ser interpretada a solicitud de compensación económica (revisión extraordinaria derivada da aplicación do principio de factum principis) e tomando como referencia os requisitos que a xurisprudencia antes citada ven esixindo para a aplicación do principio antes mencionado - todo elo permite concluir que, a xuízo de quen informa, neste caso non se darían os presupostos de feito para encadrar este cambio normativo no principio de factum principis e elo posto que segundo se pronuncia a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e nº 891/2013, de 26 de novembro "(...) la invocación del principio jurídico "factum principis"- apunta aquella otra Sentencia de fecha de 19 de mayo del 2007 dictada por dicha Sala III de lo Contencioso -Administrativo del Tribunal Supremo- supone "una actuación de cualquier Administración o Ente Público que determine de forma directa la ruptura sustancial de la economía de la concesión y deriva en el reconocimiento del derecho del concesionario a que se restablezca el equilibrio económico del contrato" englobando "todos aquellos supuestos en los que la adopción por la Administración de medidas de carácter económico o social-acordadas al margen del contrato y que tienen una repercusión negativa en su ejecución por hacerlo más oneroso para una de las partes, causando perjuicios concretos para el contratista o concesionario- determina el reconocimiento judicial de la obligación de la Administración, con base

a razones de equidad, con independencia de la aplicación del procedimiento contractual de revisión de precios o tarifas, de mantener indemne el equilibrio de las prestaciones económicas, compensando o indemnizando por los daños y perjuicios ocasionados.
Sin embargo resulta también obvio que semejantes medidas- que pueden tener inclusive cobertura normativa explícita- deben ser sorpresivas por inesperadas e imprevisibles y, por ende, ser posteriores a la suscripción de aquel contrato de que se trate (...)"

Dacordo co criterio xurisprudencial apuntado, e considerando que en contratación pública non sólo rixe o principio de risco e ventura do contratista senón o de liberdade de pactos e consecuentemente a vinculación das partes contratados ó clausulado do contrato, pode dicirse que neste caso non queda acreditado no expediente mediante proba fehaciente a existencia dese desequilibrio económico financeiro da concesión (o cal debería realizarse aportando ó efecto un patrón comparativo entre o estudio de viabilidade inicial presentado pola mesma no concurso do que resultou adjudicatario e a realidade ulterior e actual do mesmo.), desequilibrio que para poder ser considerado, debería ser "suficientemente importante e significativo" sobre o custo total de explotación do servizo.

Polo tanto, resulta indubidable que a empresa non aportou ningunha proba que acredite, ou ó menos, indiciariamente referencie con un principio de proba o déficit de explotación e ademáis, tampouco queda acreditado que dito pormenor que provoca o desequilibrio alegado non sólo resultase imprevisible senón alleos ós deberes de normal previsibilidade empresarial ó suscribir o contrato.

En base ó exposto, o cambio normativo introducido pola Administración, esto é a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras da taxa polo suministro de auga e saneamento que supuxeron a previsión dunha exención a partir do exercicio 2008 – non pode considerarse inesperadas e sorpresivas toda vez que a Lei de Facendas Locais vixente no momento de licitación do contrato xa contemplaba unha previsión ó respecto sobre este particular.

Entendendo pois que o concesionario ten asigando este risco de explotación do servizo, as solicitudes presentadas con data de 6 de marzo teñen que ser analizadas en función dos parámetros da súa oferta, da concurrencia dos presupostos de revisión acontecidos durante a vixencia do contrato e do risco de demanda que ten transferido, polo que non toda diminución dos seus ingresos sobre os previstos na súa oferta daralle dereito a reclamar compensación económica algunha, sólo os incrementos de custos segundo condicións da súa oferta e prego de condicións integrante do contrato por enriba do umbral de revisión así como do resultado de explotación obtido pois si este é superior ó teórico ofertado nada poderá reclamar, sempre e cando xestione con eficiencia o servizo público medida ésta nun 75% da eficiencia hídrica.

Neste punto, convén lembrar unha cuestión moi relevante que incide directamente e é que a día de hoxe están pendentes de resolución (execución de sentenza núm.196/2013, de 31 de xullo de 2013 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Ferrol) as solicitudes de revisión de prezos presentadas pola empresa dende o ano 2008. Como xa se indicou, os contratos administrativos réxense polo principio de risco e ventura e as excepcións a este principio como forma de garantir o equilibrio económico do contrato ven dada, en primeiro termo, a través da técnica de revisión de prezos.

Unha vez que se proceda á execución de dita sentenza será cando quede perfectamente definido o resultado da explotación do servizo en cada un dos exercicios económicos e, en consecuencia, poderá concluírse se o sistema de revisión de prezos como fórmula de revisión ordinaria é suficiente para garantir ou non o equilibrio contractual. Polo tanto, e non procedería plantexar neste momento unha solicitude de revisión extraordinaria das bases económicas do contrato en aplicación do principio de mantemento do equilibrio económico (que constitúe a segunda excepción ó principio de risco e ventura).

Así, a STS de 02.04.2008 sinalou que " ... que os ingresos por esa circunstancia sean menores que los esperados no rompe el equilibrio financiero... tanto más cuanto las tarifas se revisan – o pueden revisarse- de modo previsto en el Pliego..., como ya quedó expuesto en su momento"

E ademáis, reitera dita sentenza- "debe atenderse a las circunstancias de cada contrato en discusión para concluir si se ha alterado o no de modo irrazonable ese equilibrio contractual a que más arriba hemos hecho mención. La incidencia del incremento ha de examinarse sobre la globalidad

del contrato pues un determinado incremento puede tener un mayor o menor relevancia en función de la mayor o menor importancia económica del contrato y de los distintos aspectos contemplados en el mismo."

En último termo, e a maior abundamento, debe terse en conta neste momento esta Intervención é coñecedora que a empresa non está a soportar desde hai varios anos algún dos custos de explotación definidos no seu estudio económico presentado no momento da licitación, en concreto, os custos da EDAR de Maniños, polo que resulta fundamental neste momento que se resolva os procedementos de revisión de prezos que se atopan pendentes da execución da sentenza, e a partir de ahí coñecer cales son os resultados de explotación da concesión.

Cuarto.- En canto ó órgano competente para a resolución, debe estarse ó disposto no *Artículo 97* do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro relativo á resolución de incidencias surgidas en la ejecución de los contratos, polo que corresponde ó Pleno da Corporación.

Conclusiones

A xuízo desta Intervención, procede desestimar as solicitudes de compensación económica presentadas por Viaqua, SA por importe total de 8805.90 €, polos seguintes motivos:

- O desequilibrio económico do contrato, como consecuencia da modificación das ordenanzas fiscais de auga e saneamento, non se considera que poida dar lugar a indemnización por non reunir as condicións que a doutrina e xurisprudencia establecen para adopción de medidas extraordinarias de compensación económica. Non concurre os requisitos para considerar aplicable neste caso que o desequilibrio se debe ó *factum principis* polos motivos expostos na consideración terceira do presente informe.

En calqueira caso, e como reiteradamente declarou a doutrina e xurisprudencia, a existencia dun menor beneficio non supón unha ruptura do equilibrio da concesión. O principio fundamental para que opere a obriga da Administración de manter o equilibrio económico do contrato, como indica o [Dictame 325/2006, de 14 de xuño de 2006](#), do Consell Juridic Consultiu de la Comunitat Valenciana, é que debe acreditarse que a situación económica desfavorable que se alegue polo concesionario sexa trascendente para a economía do contrato e independente da vontade das partes contratantes; que produza unha alteración sustancial da economía do contrato; e que non comporte únicamente unha situación de menores ganancias para o contratista, senón que debe afectar ó propio prezo límite da explotación do servizo, isto é, que se esté producindo unha situación de déficit de explotación (perdas) notable e mantido. Todas estas circunstancias no se acreditaron polo contratista adxudicatario.

-O equilibrio económico do contrato debe levarse a cabo, en primeiro termo, mediante a revisión de prezos dacordo co sistema que consta no prego de cláusulas administrativas particulares, cuestión esta que está pendente de resolución neste momento para cada un dos exercicios económicos para os que se solicita a compensación, polo que descoñecéndose este dato, non procedería acceder ó solicitado pola empresa que ben a ser, tal e como se indicou anteriormente, unha revisión extraordinaria das bases económicas do contrato.

-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle ó Pleno da Corporación.

Fene, a 18 de xuño de 2015.

A Interventora

Marta Roca Naveira"

Esta Alcaldía, previo dictame da Comisión de Facenda, eleva ó Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º.- Denegar o pagamento das cantidades reclamadas por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU nas solicitudes presentadas con data de 6 de marzo (entrada nº 2483, 2484,2485, 2486,2487,2488,2489) polas que se reclama a compensación das tarifas deixadas de percibir dos usuarios dos servizos de abastecemento de auga e saneamento que foron beneficiarios dunha exención nos exercicios 2008 a 2014 en base ás consideracións expostas no informe da Intervención municipal de 18 de xuño.

2º.- Notificar o presente acordó á Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU

Fene, a 18 de xuño de 2015.

O alcalde
Juventino J. Trigo Rey>>.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º. Denegar o pagamento das cantidades reclamadas por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU nas solicitudes presentadas con data de 6 de marzo (entrada nº 2483, 2484,2485, 2486,2487,2488,2489) polas que se reclama a compensación das tarifas deixadas de percibir dos usuarios dos servizos de abastecemento de auga e saneamento que foron beneficiarios dunha exención nos exercicios 2008 a 2014 en base ás consideracións expostas no informe da Intervención municipal de 18 de xuño.

2º. Notificar o presente acordo á Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU

15. Aprobación, se procede, da proposta de festivos locais para o ano 2016

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade que tivo lugar o 29.07.2015 por unanimidade:

<<Como todos os anos, o Concello de Fene ten que determinar dous días de festa local no termo municipal de Fene, de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano.

Polo anterior, propónse que o Pleno do Concello de Fene, previo ditame da comisión informativa correspondente, acorde:

Declarar como festivos locais para o ano 2016 as seguintes datas:

10 de febreiro de 2016	Mércores de cinza
6 de agosto de 2016	San Salvador

Fene, 21 de xullo de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey>>.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Declarar como festivos locais para o ano 2016 as seguintes datas:

10 de febreiro de 2016	Mércores de cinza
6 de agosto de 2016	San Salvador

16. Aprobación, se procede, da Ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade que tivo lugar o 29.07.2015 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo mixto municipal):

<<O 14.06.2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A Lei 4/2013 entrou en vigor o 14.07.2013, un mes trala súa publicación.

A disposición final terceira e a disposición transitoria décima da dita Lei encomendan ós concellos, respectivamente, que adapten as súas ordenanzas ó novo marco xurídico e que revisen e aproben as tarifas aplicables ós servizos urbanos de taxi mediante aparatos de taxímetro.

A última ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene data de 1971. A dita ordenanza xa quedara superada polo Regulamento Nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros aprobado polo Real decreto 763/1979, polo que o pretendido agora é aprobar unha nova ordenanza axustada a normativa vixente e a derogación total da ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene de 1971.

O 10.02.2015 remitiuse unha proposta de localización de paradas e de tarifas ás seguintes asociacións de consumidores, asociacións de traballadores e asociacións do sector: unión provincial de auto-taxis da Coruña, UGT, CCOO, CIG, unión de consumidores de Galicia e asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña, concedéndolles un prazo de 15 días hábiles para que, de ser o caso, formularan alegacións ou presentaran os documentos e xustificacións que estimaran pertinentes.

O 10.02.2015 remitiuse unha proposta de tarifas ó servizo de mobilidade da xefatura territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia concedéndolles un prazo de 15 días hábiles como trámite de audiencia para que, de ser o caso, formularan alegacións ou presentaran os documentos e xustificacións que estimaran pertinentes, de conformidade co artigo 40.4 -réxime económico- da Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia "Las tarifas de aplicación a los servicios urbanos de taxi serán fijadas por los ayuntamientos o, en su caso, por las entidades competentes de las áreas territoriales de prestación conjunta, y las tarifas aplicables a los servicios interurbanos serán fijadas por la consejería competente en materia de transportes de la Xunta de Galicia.

Para fijar las referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a su aprobación, al Consejo Gallego de Transportes, en orden a recabar las consideraciones que estime pertinentes.

En todo caso, la aprobación de las tarifas está sujeta a la legislación vigente en materia de precios".

O 14.02.2015 e o 02.03.2015 presentan alegacións a unión de consumidores de Galicia e a asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña, respectivamente.

O 09.03.2015 presentan un escrito a asociación de taxis do Concello de Fene no que manifiestan a súa oposición ás alegacións presentadas.

O 09.04.2015 o pleno do concello aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene.

O 20.04.2015 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 72 e no taboleiro de edictos do Concello de Fene o anuncio da aprobación inicial abríndose un prazo de 30 días hábiles ós efectos de que se presentaran reclamacións ou alegacións que se estimaran pertinentes. Así mesmo, deuse audiencia ós seguintes interesados: asociación de taxis do Concello de Fene, unión provincial de auto-taxis da Coruña, UGT, CCOO, CIG, unión de consumidores de Galicia e asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña.

O 24.04.2015 presenta un escrito a unión provincial de auto-taxis da Coruña onde poñen de manifesto que o informe do Consello Galego de Transportes non foi solicitado é resulta preceptivo e que as tarifas teñen un erro posto que o suplemento de nadal e fin de ano non se fan constar os horarios da súa aplicación como así foi solicitado.

O 05.05.2015 presenta un escrito José Solis Solis, en representación de radio-taxi Fene, no que pon de manifesto que a baixada de bandeira nos 1700 metros non se axusta a realidade do concello facendo inviable economicamente o servizo de taxi e solicita que se fixe a baixada de bandeira en 1000 metros.

As dúas alegacións presentadas se deron traslado ós seguintes interesados: asociación de taxis do Concello de Fene, unión provincial de auto-taxis da Coruña, UGT, CCOO, CIG, unión de consumidores de Galicia e asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña, concedéndolles un prazo de 10 días como trámite de audiencia.

O 05.06.2015 presenta un escrito a unión de consumidores de Galicia onde repiten o sinalado pola unión provincial de auto-taxis da Coruña (falta o informe do Consello Galego de Transportes que resulta preceptivo) e opóñense ó establecemento da baixada de bandeira nos 1000 metros sinalando que non se poden aplicar tarifas urbanas a servizos interurbanos e que suporía un incremento no prezo do primeiro quilómetro de case un 20 %.

O 24.06.2015 emite informe o técnico de administración xeral no que conclúe,

"Tendo en conta as alegacións presentadas e de cara a aprobación definitiva polo pleno do Concello de Fene da ordenanza reguladora do servizo de taxi, este informante entende que se debe:

- *Estimar a alegación da unión provincial de auto-taxis da Coruña relativa ó erro nas tarifas aprobadas posto que non contempla a limitación horaria do suplemento de nadal e fin de ano que se reflexa no estudo económico. Trátase de restrinxir a unha franxa de horario concreta a aplicación do suplemento de nadal e fin de ano.*
- *Desestimar o resto de alegacións en base ás seguintes consideracións,*

- *O 10.02.2015 remitiuse unha proposta de tarifas ó servizo de mobilidade da xefatura territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia concedéndolles un prazo de 15 días hábiles como trámite de audiencia para que, de ser o caso, formularan alegacións ou presentaran os documentos e xustificacións que estimaran pertinentes, de conformidade co artigo 40.4 da Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ("Las tarifas de aplicación a los servicios urbanos de taxi serán fijadas por los ayuntamientos o, en su caso, por las entidades competentes de las áreas territoriales de prestación conjunta, y las tarifas aplicables a los servicios interurbanos serán fijadas por la consejería competente en materia de transportes de la Xunta de Galicia.*

Para fijar las referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a su aprobación, al Consejo Galego de Transportes, en orden a recabar las consideraciones que estime pertinentes. En todo caso, la aprobación de las tarifas está sujeta a la legislación vigente en materia de precios").

Transcorrido o prazo de audiencia outorgado sen a emisión do preceptivo informe, o Concello de Fene está en disposición de continuar co procedemento de aprobación das tarifas, de conformidade co artigo 84.2 ("Los interesados, en un plazo no inferior a diez días ni superior a quince, podrán alegar y presentar los documentos y justificaciones que estimen pertinentes") e 83.4 da Lei 30/1992 ("Si el informe debiera ser emitido por una Administración Pública distinta de la que tramita el procedimiento en orden a expresar el punto de vista correspondiente a sus competencias respectivas, y transcurriera el plazo sin que aquél se hubiera evacuado, se podrán proseguir las actuaciones. El informe emitido fuera de plazo podrá no ser tenido en cuenta al adoptar la correspondiente resolución").

- *A modificación da baixada de bandeira de 1700 m a 1000 m non está xustificada nin amparada nun estudo económico.*

O 06.02.2015 a asociación de taxis do Concello de Fene presentou un estudo económico que da soporte ás tarifas que se queren aprobar e na que a baixada de bandeira establécese nos 1700 m aparecendo equilibrados os ingresos e gastos da prestación do servizo".

O 30.06.2015 ten entrada no Concello de Fene certificado da secretaria da comisión permanente do Consello Galego de Transportes da sesión celebrada o 11.06.2015 no que se informan favorablemente as tarifas cunha serie de advertencias. Entre outras e en relación co suplemento de nadal e fin de ano, ponse de manifesto que no proxecto de orde da Consellería de Medio Ambiente,

Territorio e Infraestruturas non se contempla a posibilidade de ter un suplemento en nadal e fin de ano.

Polo anterior, estimando a alegación da unión provincial de auto-taxis da Coruña relativa ó erro nas tarifas aprobadas, o que supón restrinxir a unha franxa de horario concreta a aplicación do suplemento de nadal e fin de ano, e desestimando o resto de alegacións polas motivacións expostas, propónse ó Pleno, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene nos seguintes termos,

“ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE FENE

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. A presente ordenanza regula o transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo por medio de taxi que se desenvolve no Concello de Fene segundo o establecido na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia, en virtude da potestade regulamentaria recoñecida polo art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

2. Considérase taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo habilitados que contan con signos distintivos de taxi, e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

3. Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia e demais normativa de aplicación.

ARTIGO 2. TITULOS HABILITANTES

1. A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer a dita actividade.

2. A concesión das licenzas de taxi para exercer o servizo de transporte urbano de viaxeiros no Concello de Fene e para adscribir vehículos a estas licenzas é unha competencia municipal.

A concesión das autorizacións interurbanas de taxi é unha competencia da consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

É preciso dispoñer de ámbolos dous títulos -licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi- para a realización da actividade de taxi.

3. Ningunha persoa poderá ser titular de máis dunha licenza de taxi do Concello de Fene.

I. DAS LICENZAS DE TAXI

ARTIGO 3. NÚMERO MÁXIMO DE LICENZAS DE TAXI E OUTORGAMENTO DE NOVAS LICENZAS DE TAXI

1. Conforme á poboación do noso concello, o número máximo de licenzas de taxi é de 12. O número máximo establécese sen prexuízo das licenzas de taxi actualmente preexistentes e da posibilidade de que o concello estableza un número máximo de licenzas distinto, de conformidade co artigo 7 da Lei 4/2013.

2. O outorgamento de novas licenzas de taxi determinarase pola necesidade e conveniencia do servizo, atendendo á oferta e á demanda existente no Concello de Fene e á calidade do servizo.

So se poderán outorgar novas licenzas de taxi cando exista dispoñibilidade no número máximo de licenzas de taxi.

As novas licencias de taxi serán outorgadas polo Concello de Fene mediante concurso público ó cal poderán presentarse as persoas físicas que cumpran os requisitos para ser titulares de licencias de taxi, requisitos recollidos no artigo 5 da Lei 4/2013.

No concurso público non poderá ofertarse máis dun dez por cento do número total de licenzas de taxi existentes no concello. Entre a resolución dun concurso e a convocatoria do seguinte terá que transcorrer polo menos un ano.

Na convocatoria do concurso faranse constar os criterios de adjudicación, entre os que se valorará a antigüidade como condutor/a de taxi. Tamén serán obxecto de valoración a previa dedicación á profesión de taxista e que o vehículo de turismo que se pretenda adscribir á licenza de taxi sexa adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo que se estableza na convocatoria.

ARTIGO 4. VIXENCIA

As licenzas de taxi outorgaranse sen prazo de duración prefixado, aínda que a súa validez quedará condicionada ó cumprimento das condicións e requisitos esixidos para o seu outorgamento así como ó seu visado periódico de conformidade co artigo 18 da Lei 4/2013.

ARTIGO 5. SUSPENSIÓN

1. As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos:

- Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.
- De oficio, no caso de transmisións forzosas, cando a persoa adjudicataria careza dos requisitos esixidos para ser titular.

Non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorra un período de dous anos contados desde a data de finalización do anterior período de suspensión, agás causas de forza maior debidamente acreditadas.

As solicitudes de suspensión entenderanse estimadas se no prazo de tres meses o concello non ditase e notificase resolución expresa, agás que se incumprise a limitación establecida no punto anterior.

2. Transcorrido un mes desde a finalización da suspensión sen que se reiniciase de modo efectivo a prestación do servizo, incorrerase na causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

ARTIGO 6. EXTINCIÓN

As licenzas de taxi extinguíranse por algunha das seguintes causas:

- a) Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen herdeiros
- b) Caducidade
- c) Revogación

As causas de extinción regúlanse no artigo 12 da Lei 4/2013 e precisaran da instrución do procedemento que determine a normativa aplicable concedendo, en todo caso, audiencia á persoa interesada.

O Concello de Fene poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención das licenzas e a debida explotación, previa solicitude ás persoas titulares da documentación que xulgue pertinente.

ARTIGO 7. TRANSMISIÓN

A transmisión das licenzas de taxi rexerá polo establecido non artigo 17 da Lei 4/2013.

ARTIGO 8. LICENZAS DE TAXI PREEXISTENTES

Todas as licenzas de taxi existentes no Concello de Fene conservan a súa validez aínda que superan, en conxunto, o número máximo de 12 licenzas de taxi no Concello de Fene a que se facía referencia no artigo 3. A conservación desta validez faise sen prexuízo dos supostos de caducidade previstos na DT 4ª da Lei 4/2013.

ARTIGO 9. REXISTRO DE LICENZAS DE TAXI

1. O Concello de Fene disporá dun rexistro público de licenzas de taxi no cal figuren a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións, o vehículo e os condutores ou condutoras asalariados adscritos ós títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.

2. O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustaranse á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e mais dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a elas, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.

3. As comunicacións ou as anotacións no Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia serán efectuadas por medios telemáticos.

II. DOS VEHÍCULOS ADSCRITOS Ó SERVIZO DE TAXI

ARTIGO 10. CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

1. Os vehículos dedicados á actividade de taxi haberán de estar clasificados como turismo, debendo cumprir, ademais, os requisitos que determine a normativa en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ó servizo ó que estean adscritos.

O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza.

2. Os vehículos deben estar equipados cun aparello taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, a fin de determinar o prezo de cada servizo. Os taxímetros haberán de incorporar impresora de factura.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira dos vehículos, a fin de permitir a súa visualización polas persoas usuarias, tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento.

3. Os vehículos deben estar equipados cun módulo luminoso exterior que sinala claramente, de acordo coa normativa técnica de aplicación, tanto a dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo como a tarifa que resulte de aplicación.

4. Os vehículos deben ter unha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora. Contarán con 4 portas de fácil acceso e funcionamento que faciliten a manobra con suavidade. En todo caso, contarán cun espazo dedicado a maletreiro, totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado ó pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe do mesmo.

5. Os vehículos poderán ir provistos dunha prancha móbil de separación entre o condutor e os usuarios, das características para o efecto establecidas e homologadas polas autoridades competentes. Cando se instale esta prancha móbil de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, ampliable a catro cando o condutor do vehículo autorice a utilización do asento contiguo ó seu.

6. Os vehículos deben ter de maneira visible nas dúas portas dianteiras o escudo do Concello de Fene e o número de licenza de taxi ó que se encontre afecto, así como unha placa co dito número no interior do vehículo.

7. Os vehículos que se adscriban a novas licenzas outorgadas ou os novos vehículos que, a partir da entrada en vigor desta ordenanza, se adscriban a licenzas preexistentes deberán ser de cor branca.

8. O Concello de Fene será o competente para autorizar a colocación de anuncios publicitarios no exterior dos vehículos.

A publicidade deberá cumprir a lexislación vixente en materia de publicidade, tráfico e seguridade viaria, deberá permitir que os vehículos conserven a súa estética, non impliquen a perda de visibilidade nin xeren perigo e respecten os requisitos de imaxe unificada dos taxis que poida establecer a Xunta de Galicia. Queda prohibida toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

A solicitude de licenza virá acompañada da documentación necesaria na que se precise o lugar de colocación da publicidade, formato, dimensións, contido, modo de colocación, material empregado e demais circunstancias que se consideren necesarias para outorgar a autorización.

A publicidade exterior dos taxis deberá ir situada nas portas laterais traseiras. Haberán de empregarse materiais que non danen a pintura do vehículo e sexan susceptible de ser retirados ou substituídos con facilidade e rapidez. Haberán de ter a necesaria resistencia fronte á degradación pola acción do sol e os axentes atmosféricos, presentando a debida capacidade fronte ós cambios de temperatura.

9. Os vehículos irán provistos sempre da seguinte documentación:

- Licenza municipal e autorización interurbana de taxi.
- Carné de conducir esixido pola lexislación vixente.
- Permiso de circulación do vehículo.
- Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo.
- Seguros esixibles legalmente.
- Follas de reclamacións.
- Cadro de tarifas oficiais.
- Contrato de transporte, no seu caso, conforme ó sinalado no artigo 13.5.

10. A cada licenza de taxi so se poderá adscribir un vehículo concreto.

Os vehículos poderán ser substituídos, previa autorización do Concello de Fene, sempre que o vehículo que substitúa ó anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

ARTIGO 11. TAXIS ADAPTADOS

De conformidade co RD 1544/2007 polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, é obrigado contar no Concello de Fene cun taxi adaptado para transportar a persoas usuarias con discapacidade.

De non alcanzarse de forma voluntaria entre os titulares de licenzas de taxi preexistentes a porcentaxe de taxis adaptados establecido polo Real decreto 1544/2007, o Concello de Fene poderá optar entre esixir á persoa titular da última licenza de taxi outorgada que preste o servizo mediante taxi adaptado ou ben crear unha nova licenza de taxi adscrita indefinidamente a taxi adaptado, sen a limitación á que se fixo referencia no artigo 3.

Non obstante, calquera titular dunha licenza de taxi do Concello de Fene poderá adscribir á mesma un vehículo adaptado.

Os taxis adaptados darán servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida, pero non terán ese uso exclusivo.

III. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 12. DEDICACIÓN Ó SERVIZO

1. A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e haberá de prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar a persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquela, que deberán figurar a xornada completa e con dedicación exclusiva.

Non obstante, a plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e a prestación persoal da persoa titular da licenza de taxi solo resultará de aplicación respecto dos títulos habilitantes outorgados ou que se outorguen con posterioridade ó 14.07.2013 así como a aqueles outros transmitidos ou que se transmitan desde o dito momento, inter vivos ou mortis causa, salvo no caso da primeira transmisión de títulos habilitantes mortis causa que tampouco resultarán de aplicación ás citadas esixencias.

2. Os condutores/as deberán posuír o correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente e dispoñer da correspondente capacitación profesional que a normativa estableza.

3. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas a máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular. A relación entre as persoas condutoras asalariadas e os titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.

O titular da licenza de taxi deberá comunicar ó Concello de Fene os datos do condutor/a asalariado adscrito/a á dita licenza para o seu rexistro. A comunicación deberá ser realizada con carácter previo a que o condutor asalariado comece a prestar os seus servizos.

A persoa titular da licenza de taxi, sempre que fose requirido, haberá de xustificar ante o Concello de Fene o cumprimento das prescricións legais en materia laboral e de seguridade social relativas ás persoas asalariadas.

ARTIGO 13. PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria:

- Nas paradas establecidas.
- Mediante a súa chamada na vía pública.
- Por medios telemáticos.
- Mediante a súa reserva previa.
- Por outros modos que estableza a normativa.

2. As paradas son os lugares onde os taxis poden estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeirás, facilitando no seu emprazamento o acceso a persoas con mobilidade reducida. As paradas encóntranse fixadas no anexo I, sen prexuízo da fixación no futuro e conforme á normativa vixente de novas ou distintas paradas para a adecuada prestación do servizo.

Para a prestación do servizo os vehículos situaranse por orde de chegada nas paradas de estacionamento.

Cando os/as usuarios/as acudan a parada para solicitar o servizo deberán dirixirse ó vehículo situado en primeiro lugar respectando a orde de chegada.

3. As persoas usuarias poderán concertar o servizo de taxi na vía pública mediante o aviso de detención do taxi libre de servizo, que virá obrigado a atender a dita solicitude a condición de que non se vulneren as disposicións sobre tráfico e seguridade vial ou afectase gravemente á fluidez do tráfico.

Non poderá utilizarse este modo de concertación -aviso de detención na vía pública do taxi libre de servizo- se a persoa peticionaria do servizo estivese nas proximidades dunha parada onde houberse taxis ou outras persoas usuarias en espera do servizo (150 m), salvo para persoas de mobilidade reducida cando solicitasen un taxi adaptado.

4. A normativa establecerá os requisitos e condicións de contratación do servizo de taxi mediante medios telemáticos, así como as condicións para determinar o momento e lugar no que haberá de poñerse en funcionamento o taxímetro.

En tanto non se produza tal desenvolvemento regulamentario, os servizos contratados por mediación de centrais de radiotaxi ou sistemas tecnolóxicos equivalentes consideraranse iniciados no lugar e momento no que o vehículo recibise o encargo de prestar o servizo. Deben coincidir os municipios en que se atopa residencia a licenza de taxi, se recibe o encargo e se localizan os puntos de recolleita ou destino dos viaxeiros. En todo caso, o importe máximo do taxímetro no momento da recolleita efectiva da persoa usuaria non poderá superar o importe correspondente ó mínimo establecido para o inicio do servizo.

5. Os servizos de taxi poderán ser obxecto de concertación ou reserva previa entre o titular da actividade e o cliente, ben directamente ben mediante a utilización de centrais de reserva.

Nestes supostos, salvo indicación expresa efectuada no momento da referida concertación, o taxista ou a central de reservas, segundo o caso, asumirán a responsabilidade de prestación efectiva do servizo ante o cliente.

Mediante a súa concertación previa, poderá contemplarse que o acceso das persoas usuarias ó vehículo se efectúe en distinto termo municipal a aquel no que estea domiciliada a licenza de taxi, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que o contrato se documente por escrito con cada usuario do servizo ou cun mandato verbal seu, debendo neste último caso deixarse constancia escrita da existencia do mandato antes do inicio do transporte.
- Que o servizo concertado tivese por destino efectivo o concello no que está domiciliada a licenza de taxi ou se tratase dun servizo de taxi para persoas usuarias de mobilidade reducida e en cadeira de rodas, a condición de que nos municipios de orixe e destino non existisen vehículos de taxi adaptados de conformidade co establecido na lexislación vixente.

Nos dous casos sinalados, o contrato de transporte haberá de levarse nun lugar visible do vehículo durante o servizo, estando a disposición da inspección de transportes en calquera momento da prestación do servizo.

6. Os condutores que, estando libre o vehículo, fosen requiridos para prestar servizo na forma establecida, non poderán negarse ó mesmo, excepto por causa xustificada.

Terán a consideración de causa xusta as seguintes:

- Ser solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorren circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos viaxeiros estea en estado de manifesta embriaguez, ou intoxicación por estupefacientes, excepto nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando as equipaxes ou vultos non entren no maleteiro ou porta equipaxes.
- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade

Non poderá negarse a prestación do servizo a persoas con discapacidade polo feito de ir acompañados de can guía ou en cadeira de rodas.

7. A prestación do servizo de taxi no Concello de Fene debe estar garantida as 24 horas do día polo que os titulares das licenzas de taxi deberán organizarse co propósito de cumprir a dita obriga.

En calquera caso, a autoridade municipal poderá establecer as medidas de organización e control que considere necesarias, atendendo as necesidades públicas, para o perfeccionamento do servizo.

8. Os condutores deberán coidar a súa indumentaria en perfecto estado de limpeza e o seu aseo persoal será correcto. Na súa relación co público, gardarán a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

Os condutores deberán seguir en cada servizo o itinerario máis corto, excepto indicacións en contra do viaxeiro, axustándose en todo momento ás normas e sinais de circulación e ás indicacións dos seus axentes.

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os dereitos e deberes regulados nos artigos 42 e 43 da Lei 4/2013.

ARTIGO 14. TARIFAS

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

2. As tarifas de aplicación ós servizos de taxi no termo municipal de Fene son as fixadas no anexo II.

As tarifas aplicables ós servizos interurbanos de taxi serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

3. As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias.

As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos.

Os condutores dos vehículos están obrigados a proporcionar ó usuario cambios de moeda metálica ou billetes ata a cantidade de 50 euros.

IV. DO RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 15. INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Seguirase o regulado no título IV da Lei 4/2013, artigos 56 ó 66.

As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderalle á policía local do concello.

A competencia para a imposición de sancións respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderalle ó alcalde do concello.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derrogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó que establece esta ordenanza e, en particular, a ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene de 1971.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Non obstante, a aplicación do anexo II require da obtención da autorización pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia conforme ó artigo 16.4 e ó anexo II do Real decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica. Concedida a dita autorización darase conta da mesma mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I - LOCALIZACIÓN DE PARADAS

Avenida de Conces núm. 1 (Fene)
Rúa Cañotas con Avda. Marqués de Figueroa (Perlío)

ANEXO II - TARIFAS

TARIFA URBANA	TARIFA 1		TARIFA 2	
	SEN IVE	CON IVE	SEN IVE	CON IVE
Baixada de bandeira *	3,27	3,60	3,91	4,30
Kilómetro percorrido	0,91	1,00	1,09	1,20
Hora de espera	13,64	15,00	18,18	20,00
SUPLEMENTOS	TARIFA 1 E 2			
	SEN IVE		CON IVE	
Maiteiro **	0,55		0,60	
Animais ***	0,91		1,00	
Nadal e fin de ano****	2,73		3,00	

Tarifa 1: Aplicable os días laborables de 06:00 h ás 22:00 h

Tarifa 2: Aplicable os días laborables de 22:00 h ás 06:00 h, os sábados de 15:00 h ás 24:00 h, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro.

* Establécese unha percepción mínima, o taxímetro comezará a computar ó percorrer 1.700 metros ou tempo equivalente.

** Excepto cadeiras de minusválidos e de nenos

*** Cans e gatos, excepto cans guía

**** Aplicable o 24 de decembro de 22:00 h ás 10:00 h do 25 de decembro e o 31 de decembro de 22:00 h ás 10:00 h do 1 de xaneiro".

SEGUNDO.- Publicar integramente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Remitir o anexo II das tarifas a aplicar nos servizos de taxi no termo municipal de Fene á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para que conceda a autorización da súa aplicación conforme ó artigo 16.4 e anexo II do Real Decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Concedida a dita autorización darase conta da mesma mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Fene a 13 de xullo de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey>>.

Abre o debate a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere aclarar o sentido do seu voto, logo de que esta ordenanza xa pasou antes polo Pleno, daquela abstívose e agora por coherencia fará a mesma votación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 16 votos a favor (7 do grupo do PP, 4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene), cunha abstención do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene nos seguintes termos,

“ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE FENE

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. A presente ordenanza regula o transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo por medio de taxi que se desenvolve no Concello de Fene segundo o establecido na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia, en virtude da potestade regulamentaria recoñecida polo art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

2. Considérase taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo habilitados que contan con signos distintivos de taxi, e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

3. Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia e demais normativa de aplicación.

ARTIGO 2. TITULOS HABILITANTES

1. A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer a dita actividade.

2. A concesión das licenzas de taxi para exercer o servizo de transporte urbano de viaxeiros no Concello de Fene e para adscribir vehículos a estas licenzas é unha competencia municipal.

A concesión das autorizacións interurbanas de taxi é unha competencia da consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

É preciso dispoñer de ámbolos dous títulos -licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi- para a realización da actividade de taxi.

3. Ningunha persoa poderá ser titular de máis dunha licenza de taxi do Concello de Fene.

I. DAS LICENZAS DE TAXI

ARTIGO 3. NÚMERO MÁXIMO DE LICENZAS DE TAXI E OUTORGAMENTO DE NOVAS LICENZAS DE TAXI

1. Conforme á poboación do noso concello, o número máximo de licenzas de taxi é de 12. O número máximo establécese sen prexuízo das licenzas de taxi actualmente preexistentes e da posibilidade de que o concello estableza un número máximo de licenzas distinto, de conformidade co artigo 7 da Lei 4/2013.

2. O outorgamento de novas licenzas de taxi determinarase pola necesidade e conveniencia do servizo, atendendo á oferta e á demanda existente no Concello de Fene e á calidade do servizo.

So se poderán outorgar novas licenzas de taxi cando exista dispoñibilidade no número máximo de licenzas de taxi.

As novas licencias de taxi serán outorgadas polo Concello de Fene mediante concurso público ó cal poderán presentarse as persoas físicas que cumpran os requisitos para ser titulares de licencias de taxi, requisitos recollidos no artigo 5 da Lei 4/2013.

No concurso público non poderá ofertarse máis dun dez por cento do número total de licenzas de taxi existentes no concello. Entre a resolución dun concurso e a convocatoria do seguinte terá que transcorrer polo menos un ano.

Na convocatoria do concurso faranse constar os criterios de adjudicación, entre os que se valorará a antigüidade como condutor/a de taxi. Tamén serán obxecto de valoración a previa dedicación á profesión de taxista e que o vehículo de turismo que se pretenda adscribir á licenza de taxi sexa adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo que se estableza na convocatoria.

ARTIGO 4. VIXENCIA

As licenzas de taxi outorgaranse sen prazo de duración prefixado, aínda que a súa validez quedará condicionada ó cumprimento das condicións e requisitos esixidos para o seu outorgamento así como ó seu visado periódico de conformidade co artigo 18 da Lei 4/2013.

ARTIGO 5. SUSPENSIÓN

1. As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos:

- **Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.**
- **De oficio, no caso de transmisións forzosas, cando a persoa adjudicataria careza dos requisitos esixidos para ser titular.**

Non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorra un período de dous anos contados desde a data de finalización do anterior período de suspensión, agás causas de forza maior debidamente acreditadas.

As solicitudes de suspensión entenderanse estimadas se no prazo de tres meses o concello non ditase e notificase resolución expresa, agás que se incumprise a limitación establecida no punto anterior.

2. Transcorrido un mes desde a finalización da suspensión sen que se reiniciase de modo efectivo a prestación do servizo, incorrerase na causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

ARTIGO 6. EXTINCIÓN

As licenzas de taxi extinguiranse por algunha das seguintes causas:

- **a) Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen herdeiros**
- **b) Caducidade**
- **c) Revogación**

As causas de extinción regúlanse no artigo 12 da Lei 4/2013 e precisaran da instrución do procedemento que determine a normativa aplicable concedendo, en todo caso, audiencia á persoa interesada.

O Concello de Fene poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención das licenzas e a debida explotación, previa solicitude ás persoas titulares da documentación que xulgue pertinente.

ARTIGO 7. TRANSMISIÓN

A transmisión das licenzas de taxi rexerase polo establecido non artigo 17 da Lei 4/2013.

ARTIGO 8. LICENZAS DE TAXI PREEXISTENTES

Todas as licenzas de taxi existentes no Concello de Fene conservan a súa validez aínda que superan, en conxunto, o número máximo de 12 licenzas de taxi no Concello de Fene a que se facía referencia no artigo 3. A conservación desta validez faise sen prexuízo dos supostos de caducidade previstos na DT 4ª da Lei 4/2013.

ARTIGO 9. REXISTRO DE LICENZAS DE TAXI

1. O Concello de Fene disporá dun rexistro público de licenzas de taxi no cal figuren a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións, o vehículo e os condutores ou condutoras asalariados adscritos ós títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.

2. O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustaranse á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e mais dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a elas, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.

3. As comunicacións ou as anotacións no Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia serán efectuadas por medios telemáticos.

II. DOS VEHÍCULOS ADSCRITOS Ó SERVIZO DE TAXI

ARTIGO 10. CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

1. Os vehículos dedicados á actividade de taxi haberán de estar clasificados como turismo, debendo cumprir, ademais, os requisitos que determine a normativa en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ó servizo ó que estean adscritos.

O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza.

2. Os vehículos deben estar equipados cun aparello taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, a fin de determinar o prezo de cada servizo. Os taxímetros haberán de incorporar impresora de factura.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira dos vehículos, a fin de permitir a súa visualización polas persoas usuarias, tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento.

3. Os vehículos deben estar equipados cun módulo luminoso exterior que sinala claramente, de acordo coa normativa técnica de aplicación, tanto a dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo como a tarifa que resulte de aplicación.

4. Os vehículos deben ter unha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora. Contarán con 4 portas de fácil acceso e funcionamento que faciliten a manobra con suavidade. En todo caso, contarán cun espazo dedicado a maleteiro, totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado ó pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe do mesmo.

5. Os vehículos poderán ir provistos dunha prancha móbil de separación entre o condutor e os usuarios, das características para o efecto establecidas e homologadas polas autoridades competentes. Cando se instale esta prancha móbil de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, ampliable a catro cando o condutor do vehículo autorice a utilización do asento contiguo ó seu.

6. Os vehículos deben ter de maneira visible nas dúas portas dianteiras o escudo do Concello de Fene e o número de licenza de taxi ó que se encontre afecto, así como unha placa co dito número no interior do vehículo.

7. Os vehículos que se adscriban a novas licenzas outorgadas ou os novos vehículos que, a partir da entrada en vigor desta ordenanza, se adscriban a licenzas preexistentes deberán ser de cor branca.

8. O Concello de Fene será o competente para autorizar a colocación de anuncios publicitarios no exterior dos vehículos.

A publicidade deberá cumprir a lexislación vixente en materia de publicidade, tráfico e seguridade viaria, deberá permitir que os vehículos conserven a súa estética, non impliquen a perda de visibilidade nin xeren perigo e respecten os requisitos de imaxe unificada dos taxis que poida establecer a Xunta de Galicia. Queda prohibida toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

A solicitude de licenza virá acompañada da documentación necesaria na que se precise o lugar de colocación da publicidade, formato, dimensións, contido, modo de colocación, material empregado e demais circunstancias que se consideren necesarias para outorgar a autorización.

A publicidade exterior dos taxis deberá ir situada nas portas laterais traseiras. Haberán de empregarse materiais que non danen a pintura do vehículo e sexan susceptible de ser retirados ou substituídos con facilidade e rapidez. Haberán de ter a necesaria resistencia fronte á degradación pola acción do sol e os axentes atmosféricos, presentando a debida capacidade fronte ós cambios de temperatura.

9. Os vehículos irán provistos sempre da seguinte documentación:

- **Licenza municipal e autorización interurbana de taxi.**
- **Carné de conducir esixido pola lexislación vixente.**
- **Permiso de circulación do vehículo.**
- **Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo.**
- **Seguros esixibles legalmente.**
- **Follas de reclamacións.**
- **Cadro de tarifas oficiais.**
- **Contrato de transporte, no seu caso, conforme ó sinalado no artigo 13.5.**

10. A cada licenza de taxi so se poderá adscribir un vehículo concreto.

Os vehículos poderán ser substituídos, previa autorización do Concello de Fene, sempre que o vehículo que substitúa ó anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

ARTIGO 11. TAXIS ADAPTADOS

De conformidade co RD 1544/2007 polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, é obrigado contar no Concello de Fene cun taxi adaptado para transportar a persoas usuarias con discapacidade.

De non alcanzarse de forma voluntaria entre os titulares de licenzas de taxi preexistentes a porcentaxe de taxis adaptados establecido polo Real decreto 1544/2007, o Concello de Fene poderá optar entre esixir á persoa titular da última licenza de taxi outorgada que

preste o servizo mediante taxi adaptado ou ben crear unha nova licenza de taxi adscrita indefinidamente a taxi adaptado, sen a limitación á que se fixo referencia no artigo 3.

Non obstante, calquera titular dunha licenza de taxi do Concello de Fene poderá adscribir á mesma un vehículo adaptado.

Os taxis adaptados darán servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida, pero non terán ese uso exclusivo.

III. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 12. DEDICACIÓN Ó SERVIZO

1. A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e haberá de prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar a persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquela, que deberán figurar a xornada completa e con dedicación exclusiva.

Non obstante, a plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e a prestación persoal da persoa titular da licenza de taxi solo resultará de aplicación respecto dos títulos habilitantes outorgados ou que se outorguen con posterioridade ó 14.07.2013 así como a aqueles outros transmitidos ou que se transmitan desde o dito momento, inter vivos ou mortis causa, salvo no caso da primeira transmisión de títulos habilitantes mortis causa que tampouco resultarán de aplicación ás citadas esixencias.

2. Os condutores/as deberán posuír o correspondente permiso de conducción establecido na lexislación vixente e dispoñer da correspondente capacitación profesional que a normativa estableza.

3. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas a máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular. A relación entre as persoas condutoras asalariadas e os titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.

O titular da licenza de taxi deberá comunicar ó Concello de Fene os datos do condutor/a asalariado adscrito/a á dita licenza para o seu rexistro. A comunicación deberá ser realizada con carácter previo a que o condutor asalariado comece a prestar os seus servizos.

A persoa titular da licenza de taxi, sempre que fose requirido, haberá de xustificar ante o Concello de Fene o cumprimento das prescricións legais en materia laboral e de seguridade social relativas ás persoas asalariadas.

ARTIGO 13. PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria:

- **Nas paradas establecidas.**
- **Mediante a súa chamada na vía pública.**
- **Por medios telemáticos.**
- **Mediante a súa reserva previa.**
- **Por outros modos que estableza a normativa.**

2. As paradas son os lugares onde os taxis poden estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeirás, facilitando no seu emprazamento o acceso a persoas con mobilidade reducida. As paradas encóntranse fixadas no anexo I, sen prexuízo da fixación no futuro e conforme á normativa vixente de novas ou distintas paradas para a adecuada prestación do servizo.

Para a prestación do servizo os vehículos situaranse por orde de chegada nas paradas de estacionamento.

Cando os/as usuarios/as acudan a parada para solicitar o servizo deberán dirixirse ó vehículo situado en primeiro lugar respectando a orde de chegada.

3. As persoas usuarias poderán concertar o servizo de taxi na vía pública mediante o aviso de detención do taxi libre de servizo, que virá obrigado a atender a dita solicitude a condición de que non se vulneren as disposicións sobre tráfico e seguridade vial ou afectase gravemente á fluidez do tráfico.

Non poderá utilizarse este modo de concertación -aviso de detención na vía pública do taxi libre de servizo- se a persoa peticionaria do servizo estivese nas proximidades dunha parada onde houberse taxis ou outras persoas usuarias en espera do servizo (150 m), salvo para persoas de mobilidade reducida cando solicitasen un taxi adaptado.

4. A normativa establecerá os requisitos e condicións de contratación do servizo de taxi mediante medios telemáticos, así como as condicións para determinar o momento e lugar no que haberá de poñerse en funcionamento o taxímetro.

En tanto non se produza tal desenvolvemento regulamentario, os servizos contratados por mediación de centrais de radiotaxi ou sistemas tecnolóxicos equivalentes consideraranse iniciados no lugar e momento no que o vehículo recibise o encargo de prestar o servizo. Deben coincidir os municipios en que se atopa residencia da licenza de taxi, se recibe o encargo e se localizan os puntos de recolleita ou destino dos viaxeiros. En todo caso, o importe máximo do taxímetro no momento da recolleita efectiva da persoa usuaria non poderá superar o importe correspondente ó mínimo establecido para o inicio do servizo.

5. Os servizos de taxi poderán ser obxecto de concertación ou reserva previa entre o titular da actividade e o cliente, ben directamente ben mediante a utilización de centrais de reserva.

Nestes supostos, salvo indicación expresa efectuada no momento da referida concertación, o taxista ou a central de reservas, segundo o caso, asumirán a responsabilidade de prestación efectiva do servizo ante o cliente.

Mediante a súa concertación previa, poderá contemplarse que o acceso das persoas usuarias ó vehículo se efectúe en distinto termo municipal a aquel no que estea domiciliada a licenza de taxi, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- **Que o contrato se documente por escrito con cada usuario do servizo ou cun mandato verbal seu, debendo neste último caso deixarse constancia escrita da existencia do mandato antes do inicio do transporte.**
- **Que o servizo concertado tivese por destino efectivo o concello no que está domiciliada a licenza de taxi ou se tratase dun servizo de taxi para persoas usuarias de mobilidade reducida e en cadeira de rodas, a condición de que nos municipios de orixe e destino non existisen vehículos de taxi adaptados de conformidade co establecido na lexislación vixente.**

Nos dous casos sinalados, o contrato de transporte haberá de levarse nun lugar visible do vehículo durante o servizo, estando a disposición da inspección de transportes en calquera momento da prestación do servizo.

6. Os condutores que, estando libre o vehículo, fosen requiridos para prestar servizo na forma establecida, non poderán negarse ó mesmo, excepto por causa xustificada.

Terán a consideración de causa xusta as seguintes:

- **Ser solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo.**
- **Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.**

- Cando calquera dos viaxeiros estea en estado de manifesta embriaguez, ou intoxicación por estupefacientes, excepto nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando as equipaxes ou vultos non entren no maleteiro ou porta equipaxes.
- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade

Non poderá negarse a prestación do servizo a persoas con discapacidade polo feito de ir acompañados de can guía ou en cadeira de rodas.

7. A prestación do servizo de taxi no Concello de Fene debe estar garantida as 24 horas do día polo que os titulares das licenzas de taxi deberán organizarse co propósito de cumprir a dita obriga.

En calquera caso, a autoridade municipal poderá establecer as medidas de organización e control que considere necesarias, atendendo as necesidades públicas, para o perfeccionamento do servizo.

8. Os condutores deberán coidar a súa indumentaria en perfecto estado de limpeza e o seu aseo persoal será correcto. Na súa relación co público, gardarán a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

Os condutores deberán seguir en cada servizo o itinerario máis corto, excepto indicacións en contra do viaxeiro, axustándose en todo momento ás normas e sinais de circulación e ás indicacións dos seus axentes.

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os dereitos e deberes regulados nos artigos 42 e 43 da Lei 4/2013.

ARTIGO 14. TARIFAS

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

2. As tarifas de aplicación ós servizos de taxi no termo municipal de Fene son as fixadas no anexo II.

As tarifas aplicables ós servizos interurbanos de taxi serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

3. As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias.

As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos.

Os condutores dos vehículos están obrigados a proporcionar ó usuario cambios de moeda metálica ou billetes ata a cantidade de 50 euros.

IV. DO RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 15. INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Seguirase o regulado no título IV da Lei 4/2013, artigos 56 ó 66.

As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderalle á policía local do concello.

A competencia para a imposición de sancións respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderalle ó alcalde do concello.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó que establece esta ordenanza e, en particular, a ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene de 1971.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrera o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Non obstante, a aplicación do anexo II require da obtención da autorización pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia conforme ó artigo 16.4 e ó anexo II do Real decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica. Concedida a dita autorización darase conta da mesma mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I - LOCALIZACIÓN DE PARADAS

Avenida de Conces núm. 1 (Fene)
Rúa Cañotas con Avda. Marqués de Figueroa (Perlío)

ANEXO II - TARIFAS

TARIFA URBANA	TARIFA 1		TARIFA 2	
	SEN IVE	CON IVE	SEN IVE	CON IVE
Baixada de bandeira *	3,27	3,60	3,91	4,30
Kilómetro percorrido	0,91	1,00	1,09	1,20
Hora de espera	13,64	15,00	18,18	20,00
SUPLEMENTOS	TARIFA 1 E 2			
	SEN IVE		CON IVE	
Maletreiro **	0,55		0,60	
Animais ***	0,91		1,00	
Nadal e fin de ano****	2,73		3,00	

Tarifa 1: Aplicable os días laborables de 06:00 h ás 22:00 h

Tarifa 2: Aplicable os días laborables de 22:00 h ás 06:00 h, os sábados de 15:00 h ás 24:00 h, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro.

* Establécese unha percepción mínima, o taxímetro comezará a computar ó percorrer 1.700 metros ou tempo equivalente.

** Excepto cadeiras de minusválidos e de nenos

*** Cans e gatos, excepto cans guía

**** Aplicable o 24 de decembro de 22:00 h ás 10:00 h do 25 de decembro e o 31 de decembro de 22:00 h ás 10:00 h do 1 de xaneiro".

SEGUNDO.- Publicar integramente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Remitir o anexo II das tarifas a aplicar nos servizos de taxi no termo municipal de Fene á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para que conceda a autorización da súa aplicación conforme ó artigo 16.4 e anexo II do Real Decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Concedida a dita autorización darase conta da mesma mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

17. Aprobación, se procede, da proposta de adhesión á asociación "Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte" e baixa da asociación "Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro".

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia en sesión ordinaria do 31.07.2015 por 7 votos a favor (3 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 1 abstención do grupo mixto:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO NORTE" E DE BAIXA DA ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA GOLFO ÁRTABRO"

O Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro" dividiuse en dous Grupos para presentar candidatura aos Grupos de Acción Local de Pesca 2014-2020. O Concello de Fene quedou no novo Grupo de Acción Local de Pesca "Golfo Ártabro Norte" conformado polos Concellos de Paderne, Miño, Pontedeume, Cabanas, Ares, Mugardos, Fene, Neda, Ferrol e Narón.

Na actualidade tense presentado a candidatura, pero é necesario realizar unha serie de trámites: darse de baixa no GAL Golfo Ártabro, adherirse ao novo GAL e nomear os seus representantes.

A secretaria e interventora municipais emitiron un informe de data 17.07.2015 no que se informa favorablemente á adhesión á asociación, polo que, logo de ver o que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º Solicitar a baixa voluntaria do Gac Golfo Ártabro, xa que presenta a candidatura polo territorio conformados polos concellos de Arteixo, A Coruña, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo a novo programa de Grupos de Acción Local de Pesca 2014-2020.

2º Solicitar a adhesión ao Grupo de Acción Local de Pesca Golfo Ártabro Norte.

3º Nomear representante do Concello de Fene no Grupo de Acción Local Golfo Ártabro Norte a Justo Martínez Ardá e suplente a María Manuela Aguilar Prieto.

Fene, 17 de xullo de 2015
O alcalde
Juventino J. Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º Solicitar a baixa voluntaria do Gac Golfo Ártabro, xa que presenta a candidatura polo territorio conformados polos concellos de Arteixo, A Coruña, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo a novo programa de Grupos de Acción Local de Pesca 2014-2020.

2º Solicitar a adhesión ao Grupo de Acción Local de Pesca Golfo Ártabro Norte.

3º Nomear representante do Concello de Fene no Grupo de Acción Local Golfo Ártabro Norte a Justo Martínez Ardá e suplente a María Manuela Aguilar Prieto.

18. Mocións urxentes

18.1. Aprobación, se procede, da proposta de elección do xuíz de paz titular do Xulgado de Paz de Fene

Por parte da alcaldía preséntase a seguinte moción urxente e que queda incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a urxenza por unanimidade:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: designación de xuíz de paz titular do Xulgado de Paz do Concello de Fene

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia comunicou o pasado 25.03.2015 que estaba próximo a vencer o período de catro anos polo que se designou ao xuíz de paz titular do Xulgado de Paz de Fene, instando ao concello a iniciar un novo expediente de elección.

Mediante decreto da alcaldía 382/2015 iniciouse un novo expediente para a elección do cargo de xuíz de paz titular, abríndose un período de exposición ao público para a presentación de candidatos que rematou o 25.04.2015 e no que se presentaron 8 candidatos.

Unha vez analizadas as candidaturas, considero axeitada a presentada por Manuel Vigo López, persoa que ocupa o cargo na actualidade, xa que conta cunha ampla experiencia e non consta ningunha mala referencia sobre o traballo realizado ata o momento.

Por todo o que antecede, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Elixir a Manuel Vigo López como candidato ao cargo de xuíz de paz titular do Xulgado de Paz de Fene
- 2.- Remitir este acordo e copia completa do expediente tramitado á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Fene, 5 de agosto de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di, respecto da urxencia, que aínda que a votaron a favor, o normal, cando se sabe que hai un asunto urxente, é achegarllela aos distintos grupos ao comezo do Pleno, cando menos unha fotocopia aos voceiros dos grupos. En canto ao asunto di que, en coherencia co que xa se ten votado neste Pleno respecto da persoa que se propón, anuncia que o seu grupo votará a favor.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se trata da mesma persoa que leva anos facendo este traballo sen que houbera ningún problema.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que hai catro anos tamén se apoiou o nomeamento e agora os datos son semellantes.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que engade que, como vén sendo habitual nos últimos anos, este nomeamento prodúcese por unanimidade de todos os grupos e este ano tamén se tentou chegar a un acordo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Elixir a Manuel Vigo López como candidato ao cargo de xuíz de paz titular do Xulgado de Paz de Fene

2. Remitir este acordo e copia completa do expediente tramitado á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

19. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que cando se presente unha moción urxente se achegue aos grupos políticos antes do comezo do Pleno.

- Roga que as notificacións se fagan con tempo, pois non se pode notificar unha concentración na porta do Concello cunha hora de antelación, o que motivou que non puido asistir a unha na que lle gustaría ter estado. Tamén pasou coa Xunta de Voceiros aínda que non sexa operativo, pero cando menos, poderíase avisar telefonicamente. Igual pasou cos nenos saharauis que se avisou do acto esa mesma mañá. Roga que se teña un pouco máis de previsión.

- Roga que as novas do Concello, non do goberno, que se publiquen na web se revisen porque se publicou que o Concello ía subministrar auga cando houbo o problema da auga non apta para o consumo e parecélle un pouquiño de "tomadura de pelo".

- Respecto das praias, di que Fene sempre tivo praias non aptas para o baño, como son a praia do Carril, a ribeira de Maniños ou a praia de San Valentín. Cando isto pasa, hai que notificalo e poñelo en coñecemento das persoas e logo cada quen será responsable do que faga, pero empapelar a praia de Río Castro cun bando parécelle excesivo. Xa sabe que as restriccións non as fai o concello senón que as fai a Xunta de Galicia, pero extráñalle moito o sucedido, xa que ata fai pouco o emisario de Almieiras recibía case que a metade da rede de sumidorios do polígono Vilar do Colo e de Limodre, e agora pensa que só quedan dúas ou tres casas que non deron a altura para enganchar á depuradora. Sorpréndelle moito que o emisario, soportando aqueles niveis, dera niveis aceptables os anos pasados, cando a depuradora aínda non fora entregada, polo que pregunta se se fixo algo ao respecto e roga que se investigue un pouco a orixe do problema, que ben pode estar nunha perda ou nalgunha rutura.

Contéstalle o alcalde que este asunto estrañoulle a todos. Fixéronse pescudas e nun principio non houbo reboses nin vertidos apreciables na zona. Inspeccionou o lugar a Policía Local, os propios concelleiros, preguntóuselles aos veciños e ninguén veu nada. Semella que a analítica que se recolleu ese día non se tomou da praia, recolleuse na corrente que vén do río. Non obstante, o luns fíxose outra analítica. O día que chegou a analítica limitáronse a poñer o mesmo cartel que xa se ten posto noutras ocasións máis o bando que recomenda Sanidade. Falou con Sanidade para que se axilizasen ao máximo novas analíticas que se fixeron o luns e hoxe avisaron pola mañá que foron correctas. Esperouse a que chegara o resultado por escrito e xa se fixo público, notifióuselle aos veciños e publicouse na web municipal que a praia xa é apta para o baño. Todo parece indicar que foi debido ao lugar onde se tomaron as mostras e Sanidade as toma onde considera oportuno.

- Semella que se vai comezar ou intensificar unha campaña de desratización, polo que roga que se preste máis atención ao río Cádavo e so cruce de Fene, na beiravía do edificio dos soportais.

- Roga que se lle achegue unha copia do programa de goberno subscrito polas tres forzas de goberno ou que se traiga ao Pleno e se expoña, o que sería normal que se tivera feito o día no que se nomeou a alcaldía.

O concelleiro do grupo municipal do PP, José Andrés Serantes Painceiras, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que non se repita que os vehículos municipais saian á rúa sen estar en condicións, xa que o outro día saíu un tractor á rúa sen ter pasado a ITV.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que ten que saber moi ben que tractores cumpren coa ITV e cales non, porque o 06.06.2015, cando aínda era el o concelleiro responsable, non deu instrucións de que ese tractor pasara a ITV. É certo que ese tractor saíu un día de servizo sen pasar a ITV e é certo que el non deu ningunha instrución para que o tractor saíse e asume a responsabilidade da súa saída. Non obstante, dille que xa deu instrucións para que non volva saír ningún vehículo que non teña a ITV ao día. O tractor que faltaba por pasar a inspección xa está operativo para poder prestar servizos.

- Por que non está nomeado o concelleiro de Servizos na Comisión correspondente?

Contéstalle o alcalde que a partir de agora nas Comisións, aínda que o presidente pode informar cos informes que lle acheguen cada concelleiro, o que se vai facer é que en cada Comisión vai estar, como concelleiro invitado con voz pero sen voto, os concelleiros que se estimen oportunos para dar as explicacións ou responder ás preguntas da oposición ou do propio goberno.

- Leva 15 días pasando pola nave de San Marcos en Magalofes e veu que ás 14.00 h estaba pechado cando o horario de traballo é ata as 15.00h, quen deu a orde de pechar?

Contéstalle o concelleiro de Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que este último mes pasou en dúas ou tres ocasións logo das 14:00 h e sempre houbo persoal. É certo que estes últimos días houbo xente de vacacións e se fixo a previsión para que houbese persoal no horario normal. Espera que na vindeira Comisión poida informarlle algo ao respecto.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que, en relación á contestación de que a ITV non se pasou porque non deu orde o concelleiro, dille ao Sr. Noceda, que non ten que lembrarlle que leva moitos anos neste Concello, que forma parte do Comité de Seguridade e Saúde e que sabe que os representantes dos traballadores e que o propio Comité recomendou non volver utilizar ese tractor porque filtra cara dentro os gases, non ten cadeira xiratoria para poder traballar e deu problemas de todo tipo, como así consta e vostede sabe. Ao mellor por iso non se lle pasou a ITV.

O Sr. Noceda dille que se explicou mal ou non lle quixo entender. Dille que asume a responsabilidade de que ese tractor saíse pero non deu instrucións ao respecto para que o fixera, replicando o Sr. Galego Feal que non se está pedindo responsabilidade ningunha.

Prosegue o Sr. Noceda dicíndolle que o tractor hoxe en día cumpre cos requisitos legais para poder estar operativo, non está saíndo actualmente, pero está en reserva para cando falle o tractor novo.

- Roga que se lle achegue copia das analíticas da auga que se repartiron dende o Concello.

Contéstalle o alcalde que se lle achegarán copias destas analíticas.

- Comprobou que se ampliou o cadro de persoal de Servizos polo que pregunta, a que empresa se lle contratou e cantos traballadores se incorporaron?

Contéstalle a concelleira da Área de Organización e Seguridade, Alejandra Permuy Meizoso, que non houbo un aumento do cadro de persoal. Estase organizando o servizo, prescídese dun traballador de Sytgal e auméntase un xardiñeiro de Aníbal Souto en función das necesidades do Concello.

A concelleira do grupo municipal do PP, Juana Barro Couto, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Quere saber como vai o convenio entre o Concello e Cáritas polo que se derivan usuarios de Servizos Sociais logo do informe correspondente.

Di que Cáritas está tocando fondo polo que quere saber se vai haber subvención e cando vai ser.

Contéstalle o concelleiro de Benestar Social e Igualdade, Joaquín Julián Ayala Garrido, que se dará no seu momento conta na Comisión. Non obstante, di que o luns deulle instrucións á persoa que leva este expediente para que o prepare e lle informase ao responsable de Cáritas da contía que se establecerá este ano.

- A orde da Consellería do 21.07.2015 é pechar o colexio de Limodre, pero quere saber se antes desa data o goberno fixo algunha xestión ao respecto.

Contéstalle a concelleira de Cultura e Ensino, Amalia García Balado, que se reuniron o alcalde e ela co representante da Anpa do colexio que se queixou das formas coas que se fixo o peche do colexio. Falaron tamén co director provincial, quen lles dixo que era imposible o financiamento dun colexio con tres nenos de infantil e dous de primaria e que había unha alternativa de transporte para o colexio dos Casais.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que pregunta por que hai catro anos, por motivos semellantes, lles fixeron unha manifestación?

O concelleiro do grupo municipal do PP, Juan José Franco Casal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto da Área de Facenda, pregúntalle ao alcalde como responsable da Área, que xestións se pensa facer ou se fixeron respecto das facturas pendentes?

Contéstalle o alcalde que, ademais das xestións de comprobar e mirar, incluso falar con cada empresa das facturas pendentes do extraxudicial, comprobar os partes dos encargados para verificar que os traballos se fixeron, cando se fixeron e que haxa constancia. Cando isto estea comprobado e falado, procederase ao seu pagamento. Respecto do resto das facturas, di que, precisamente, están a elaborar os orzamentos para as facturas que están fóra do orzamento, cun importe aproximado de 387.000 euros, procedentes dos últimos meses anteriores ás eleccións e que teñen un difícil acomodo orzamentario. Por iso están intentando sacar un orzamento este ano, aínda que o BNG sempre dixo que non quería aprobar orzamentos no verán porque non ten sentido, pero para facer fronte ao pagamento destas facturas haberá que aprobar un orzamento xa. Serán uns orzamentos do PP, porque non lles queda outra, que consistirá en poñer cada partida no seu sitio para poder afrontar o pagamento das facturas.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que quixera que se tivese en conta a posibilidade de que esas facturas se afrontasen co remanente de tesourería de máis de 1,3 millóns de euros, que debería ser o seu primeiro destino. Rógalle ao alcalde que se contemple esta posibilidade e que conte co seu grupo para a súa aprobación.

O alcalde contéstalle que no ano 2014 non se cumpriu coa estabilidade orzamentaria, o que pode implicar unha limitación moi importante do gasto dos vindieros anos.

- Respecto da Área de Promoción Económica e Turismo pregunta se hai unha programación cara o verán e concretamente saber se a festa mariñeira se vai facer ou non. Tamén quere saber se hai algunha previsión da Área de Formación para o que queda de ano respecto a realización de cursos ou a política prevista.

Contéstalle a concelleira da Área de Organización e Seguridade, Alejandra Permuy Meizoso, respecto da formación, que xa entregou na Comisión un documento que dá conta dun obradoiro de emprego conxunto entre Fene, Ares e Cabanas dirixido a menores de 25 anos. Terá 9 alumnos por cada especialidade e comezará a finais de setembro.

Contéstalle o concelleiro de Xuventude e Promoción Económica, César Daniel Castro García, respecto da festa mariñeira e o resto de actividade turísticas, como xa dixo na Comisión, estase pendente da dotación orzamentaria. Logo de dar este paso, esta semana comezaron as xestións para facer a festa mariñeira, xa hai data prevista para xuntarse coa Cofraría e tamén haberá que sentarse coas diferentes asociacións. Respecto da promoción turística, está traballando nun formato semellante ao do goberno pasado, en agosto ou setembro tentárase facer dúas rutas polos lugares emblemáticos do Concello.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bétoa Puente, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Na Comisión de Cultura non estaba presente a responsable da Área polo que pregunta se se vai subsanar esta situación. Di que o problema pode ser o manifestado polo seu voceiro no primeiro Pleno

respecto da representatividade para que os concelleiros responsables das súas Áreas puideran estar representados nas respectivas Comisións.

- Na Comisión de Urbanismo preguntóuselle ao responsable da Área polos expedientes de infracción urbanística e dixo que o departamento estaba paralizado. Entende que un goberno novo ten que organizar as áreas como considere máis oportuno, que hai baixas e que se está no verán. Pero a súa sorpresa veu na Comisión de Cultura, cando veu a un auxiliar administrativo adscrito á Área de Urbanismo segundo a RPT, que lle consta a todos que fai un traballo excelente, como secretario desa Comisión. Por iso pregunta, vai estar este auxiliar administrativo adscrito para sempre nesta comisión ou foi algo puntual?

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo e Vivenda, Justo Martínez Ardá, que por motivos de vacacións nomeouse como secretario da Comisión a este auxiliar administrativo como algo provisional.

- Rógalle ao goberno que continúe co proxecto iniciado no 2014 que consistía na organización do Fene Rock coa Asociación Os Centolos. Hai que ter en conta que o orzamento actual é prorrogado do 2014, anterior a ese acordo de colaboración, polo que non conta cunha partida prevista que se artella cunha subvención nominativa que logo se xustifica, cuns custes duns 10.000 euros. O alcalde dixo na Xunta de Voceiros que estaban a traballar nos orzamentos e por iso insta ao goberno a que se continúe con esta idea. Este Concello sempre se caracterizou por traballar con todas as asociacións e sociedades e neste caso trátase dun festival que ten xa presenza nacional, que ten unha afluencia de público de todas as idades e de balde.

A concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que na entrada do Concello, igual que hai un colector de pilas, tamén se poña un colector de bombillas.

- Na Comisión correspondente preguntou pola lousa da piscina municipal e quere saber se xa se foi comprobar.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que lle di que non sabe nada novo dende a Comisión. Está investigando que pasou con ese material. O que si lle pode dicir é que no proxecto de obra se inclúe a retirada de todos os materiais sobrantes.

- Presentou, antes das eleccións, un escrito no que se pedía unha dirección única para o camiño de Orra polo que quere saber se xa hai informe ao respecto.

Contéstalle a concelleira da Área de Organización e Seguridade, Alejandra Permuy Meizoso, que a Policía Local está facendo un informe e agora estase pendente da sinalización. Anuncia que en principio vaise conceder a dirección única.

- Recibiu queixas, logo do problema coa auga, no que ao longo do día hai momentos no que ten un exceso de olor a cloro, polo que pregunta se hai algún problema coa auga.

Contéstalle o alcalde que Emafesa está a facer análíticas semanais e están dando bos resultados.

- Recibiu queixas dos hostaleiros que participaron na entrega de premios do concurso de tapas, que foi esperpéntico, que houbo erros, situacións lamentables e que lle parece triste que mesmo algún hostaleiro lle dixo que o facía moito mellor Juanjo. Entende que non deron o seu apoio a este goberno para que non se trataran as cousas, que se trata dun premio que xa se sabe a quen lle corresponde e ademais que había funcionarios do Concello que o poderían facer ante a dúbida de ter erros.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19.09 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas